

# ANÁLISE DO SECTOR TÉXTIL, CONFECCIÓN E CALZADO

Actividade de interese estatístico (AIE13): Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral recollida no Programa estatístico anual 2017 da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, decembro de 2017



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

## Contido

0.	Presentación.....	3
1.	Definición do sector .....	5
2	Contextualización: o sector na economía galega.....	8
2.1	Achega do sector á economía galega en 2015.....	8
2.2	Evolución: 2003-2015.....	10
2.3	Análise de ratios .....	13
2.4	Ramas de actividade que forman o sector.....	19
3	A dimensión territorial do subsector industrial .....	26
3.1	O subsector da industria téxtil, confección e calzado no contexto estatal.....	26
3.2	Distribución da produción por comunidades autónomas.....	29
3.3	A industria téxtil, confección e do calzado nas comarcas galegas.....	30
4	Comparativa internacional: subsector industrial.....	35
4.1	Análise de ratios .....	37
4.2	Produtividade e remuneración do traballo.....	39
5	Produtos característicos e relacións intersectoriais: unha análise a partir do Marco input-output de Galicia .....	41
5.1	Produtos característicos.....	41
5.2	Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave .....	45
6	O comercio exterior de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado.....	54
6.1	Trazos xerais do comercio exterior segundo a AEAT .....	55
6.2	Importacións .....	57
6.3	Exportacións.....	58
7	Conclusións .....	61
	ANEXO .....	63
	ÍNDICE DE TÁBOAS, GRÁFICOS E MAPAS .....	65
	BIBLIOGRAFÍA E FONTES ESTATÍSTICAS.....	67

## 0. Presentación

A *Análise do sector téxtil, confección e calzado* é un documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) que dá cumprimento á actividade de interese estatístico (AIE13) Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral recollida no Programa estatístico da comunidade autónoma de 2017.<sup>1</sup>

Trátase dunha serie de análises iniciadas coa da cadea forestal-madeira, difundida en 2013, que tivo a súa continuación coa análise do sector da automoción, difundida en 2014, coa análise do sector da pesca, difundida en 2015, a análise do sector cultural, difundida en 2016 e, finalmente, a do sector do transporte, difundida en 2017. O obxectivo destas publicacións é dobre: por unha banda, afondar no coñecemento da economía galega a través do estudo de sectores sobranceiros na nosa estrutura económica e, por outra, dar unha mellor difusión ás estatísticas de síntese económica elaboradas polo IGE.

O documento estrutúrase en seis bloques que rematan cun pequeno capítulo de conclusións. No primeiro capítulo faremos unha definición do sector, isto é, das actividades que son obxecto de estudo consonte os estándares utilizados nas publicacións do IGE, fundamentalmente as estatísticas do Sistema de contas económicas.

O segundo bloque inclúe a cuantificación da achega do sector ao PIB da comunidade, a descrición da súa evolución nos últimos anos e unha serie de indicadores que teñen por obxectivo afondar no coñecemento do sector. Analizaranse tamén as ramas de actividade que o forman.

O terceiro capítulo trata a dimensión territorial do sector. En primeiro lugar, analízase como se insire a industria téxtil, confección e calzado galego no contexto estatal, tanto dende o punto de vista da achega ao PIB español coma na perspectiva da distribución da produción industrial por comunidades autónomas. Tamén se trata neste capítulo a distribución dentro do territorio galego da actividade industrial do sector.

---

<sup>1</sup> Decreto 188/2016, do 22 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Véxase [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/programa\\_estadistico\\_2017\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/programa_estadistico_2017_gl.pdf)

O cuarto capítulo realizará unha comparativa internacional. Con base na definición do sector e utilizando datos comparables deste noutros espazos económicos, realizaremos unha análise do sector nas economías europeas fronte á realidade galega.

Na quinta sección abordaremos unha análise das relacións intersectoriais do sector na economía galega a través dunha metodoloxía que permite estimar os efectos directos e indirectos no sector, o grao de integración na economía galega e os efectos sobre o emprego.

No sexto capítulo trátase o comercio exterior de produtos téxtiles, roupa, artigos de coiro e calzado.

Toda a información incluída nesta publicación se obtén da estatística pública, principalmente da producida na Comunidade Autónoma de Galicia, en particular da estatística económica de síntese elaborada e difundida polo Instituto Galego de Estatística.

## 1. Definición do sector

Definimos como sector téxtil, confección e calzado de Galicia o conxunto de unidades produtivas localizadas en Galicia que teñen como actividade principal a fabricación e/ou comercialización de produtos téxtiles, roupa confeccionada ou produtos de coiro e de calzado. Nesta definición distínguense dous bloques:

- A parte industrial, na que teríamos as unidades produtivas que fabrican os produtos téxtiles, de confección, coiro e calzado.
- A parte comercial, na que temos as unidades residentes en Galicia que comercian con estes produtos, independentemente da orixe da súa fabricación.

Estas actividades clasifícanse consonte a Clasificación Nacional de Actividades (CNAE-09) nas divisións 13 “Industria téxtil”, 14 “Confección de roupa de vestir” e 15 “Industria do coiro e do calzado”, no que respecta á parte industrial. A parte comercial é o agregado das seguintes actividades:

- 4616 “Intermediarios do comercio de téxtiles, roupa de vestir, peletaría, calzado e artigos de coiro”.
- 4641 “Comercio por xunto de téxtiles”.
- 4642 “Comercio por xunto de roupa de vestir e calzado”.
- 4751 “Comercio a retalho de téxtiles en establecementos especializados”.
- 4711 “Comercio a retalho de peza de roupa en establecementos especializados”.
- 4772 “Comercio a retalho de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados”.
- 4782 “Comercio a retalho de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado en postos de venda e feiras”.

É importante resaltar que na difusión das operacións estatísticas “3902-01-OE05 Contas económicas anuais”, “3903-01-OE05 Marco input-output” temos información das ramas de actividade R13 Téxtil e R14\_15 Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado.

En cambio, non existe información da parte comercial do sector téxtil, confección e calzado.<sup>2</sup> Isto ten implicacións neste documento xa que foi preciso estimar as magnitudes económicas da parte comercial para dar unha visión máis completa do sector en Galicia.<sup>3</sup>

Cando falemos de **sector téxtil, confección e calzado**, ou simplemente de **sector**, estarémos referindo ao conxunto de unidades produtivas que realizan estas actividades económicas.

Táboa 1. O Sector téxtil, confección e calzado. Ramas e actividades incluídas

	Rama de actividade	CNAE	Actividades incluídas
<b>Subsector industrial</b>	R13 Industria téxtil	13	Preparación e fiadura de fibras téxtiles Fabricación de tecidos téxtiles Acabamento de téxtiles Fabricación doutros produtos téxtiles
	R14_15 Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	14	Confección de pezas de roupa, salvo de peletaría Fabricación de artigos de peletaría Confección de pezas de roupa de punto
		15	Preparación, curtume e acabamento de coiro; fabricación de artigos de marroquinaría, de viaxe e de selaría e correaría; preparación e tinxidura de peles Fabricación de calzado
<b>Subsector comercial</b>	<i>Desagregacións de:</i> R46 Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	4616	Intermediarios do comercio de téxtiles, roupa de vestir, peletaría, calzado e artigos de coiro
		4641	Comercio por xunto de téxtiles
		4642	Comercio por xunto de roupa de vestir e calzado
	R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4751	Comercio a retalho de téxtiles en establecementos especializados
		4711	Comercio a retalho de roupa de vestir en establecementos especializados
		4772	Comercio a retalho de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados
		4782	Comercio a retalho de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado en postos de venda e feiras

<sup>2</sup> Nas contas económicas anuais estas actividades están incluídas nas ramas de actividade R46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor; e R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

<sup>3</sup> Con respecto á definición do subsector comercial, cómpre puntualizar que non se recollen as unidades cuxa actividade principal sexa o comercio en liña, xa que non existe unha CNAE diferenciada para o comercio electrónico de produtos téxtiles, roupa e calzado. Tampouco se recolle o comercio en establecementos non especializados.

A principal vantaxe desta definición do sector está na utilización dun estándar, a CNAE, utilizada nas estatísticas económicas, o que permite realizar comparacións espaciais e temporais. A meirande parte das estatísticas oficiais, incluso rexistros administrativos (como os rexistros de afiliación á seguridade social) utilízana de forma xeneralizada para clasificar sectorialmente as unidades. Porén, o nivel de desagregación utilizado nesta definición fará que non poidamos comparar espacialmente a parte comercial.<sup>4</sup>

O sector así definido aglutina actividades directamente relacionadas co téxtil, confección e calzado; porén, non se inclúen outras que indirectamente son necesarias para a actividade do sector. Non se inclúe o transporte, a loxística ou o deseño industrial de roupa de vestir, actividades estreitamente relacionadas co sector. Antes falabamos das fortalezas do uso dun estándar como a CNAE, pero unha das súas desvantaxes radica en que é difícil distinguir aquelas actividades que se realizan exclusivamente para o sector, sen estaren incluídas na definición do sector.<sup>5</sup>

Tampouco dispoñemos dunha listaxe de empresas que operen en Galicia que realicen actividades en exclusiva para o sector téxtil sen pertencer ás actividades que definimos como sector téxtil. A análise input-output palía parcialmente esta desvantaxe xa que detecta aquelas actividades estreitamente relacionadas co proceso produtivo do sector, no que respecta á súa vertente industrial, e achega unha valoración do sector identificando aquelas ramas de actividade coa que ten unha relación máis estreita. Deste asunto falaremos no capítulo 5.

---

<sup>4</sup> A desagregación a catro díxitos da CNAE-09 está lonxe dos mínimos esixidos habitualmente por Eurostat na elaboración das contas nacionais.

<sup>5</sup> Un exemplo teríámolo nunha empresa de loxística creada por un grupo industrial do sector téxtil, confección e calzado para dar servizo en exclusiva a empresas do grupo. Segundo a CNAE-09, esta empresa tería como actividade principal o código CNAE 52 Actividades anexas ao transporte, e quedaría fóra da definición de “sector”. Pola contra, pensemos que unha empresa dedicada á loxística lle pode prestar servizos tanto ao sector téxtil coma a outros sectores, pero a súa clasificación económica non varía.

## 2 Contextualización: o sector na economía galega

### 2.1 Achega do sector á economía galega en 2015

No ano 2015 o sector téxtil, confección e calzado achegou o 6,1 % do produto interior bruto (PIB) da economía galega, 3.481 millóns de euros. Os postos de traballo ascenderon a 36.162, o que supón un 3,3 % do emprego total.

A achega ao PIB céntrase na parte comercial (5,2 %) mentres a parte industrial achega arredor dun 1 %. En termos de emprego, os postos de traballo do comercio representan o 2,1 % do total do emprego, mentres a parte industrial achega un 1,2 % do emprego total.

A composición interna do sector pon de manifesto que as actividades comerciais son as que predominan, especialmente en termos de valor engadido, xa que o 84,6 % do VEB xerado polo sector provén destas actividades e o 15,4% restante é xerado por actividades industriais.<sup>6</sup>

Táboa 2. Valor engadido bruto e emprego. Sector téxtil, confección e calzado. Ano 2015

Ramas de actividade	Valor añadido bruto	% sobre PIB	% sobre sector	Postos de traballo	% sobre total emprego	% sobre sector
Subsector industrial	536	0,9	15,4	12.708	1,2	35,1
Subsector comercial	2.944	5,2	84,6	23.454	2,1	64,9
<b>Total Sector téxtil, confección e calzado</b>	<b>3.481</b>	<b>6,1</b>	<b>100,0</b>	<b>36.162</b>	<b>3,3</b>	<b>100,0</b>
<b>Total economía</b>	<b>56.831</b>	<b>100,0</b>		<b>1.094.936</b>	<b>100,0</b>	

Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

Como vemos, en termos de emprego a parte industrial é máis importante ca en termos de VEB, e achega o 35,1 % do emprego do sector no ano 2015.


Convén poñer en contexto esta achega do 6,1 % á economía galega. No seguinte gráfico represéntase o peso no PIB das diferentes actividades que forman a economía galega. Estas representacións gráficas son moi dependentes do nivel de desagregación utilizado e, por este motivo, eliximos un nivel de desagregación estándar que coincide coa “sección” da CNAE-09. O

<sup>6</sup> Hai que ter en conta que o subsector comercial inclúe as actividades comerciais do sector téxtil, da confección e calzado realizadas por establecementos situados en Galicia, independentemente da súa sede fiscal ou social.



gráfico representa o peso no total da economía galega de 20 agrupacións de ramas de actividade (seccións da CNAE) ademais do sector obxecto de análise. Neste gráfico o sector téxtil, confección e calzado achega tanto VEB coma o sector da construción, por exemplo, e supera sectores como a xeración de enerxía eléctrica e gas ou sector primario.

Gráfico 1. Peso no PIB de Galicia. Seccións da CNAE. Ano 2015. Datos en porcentaxes



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

Outra forma de situar a relevancia do sector na economía galega é poñela fronte a outros sectores analizados polo IGE en pasadas publicacións. Como indicamos na introdución, este estudo sectorial continúa a serie iniciada pola cadea forestal madeira<sup>7</sup> (difundida en 2013), estudo ao que seguiron os referidos ao automóbil<sup>8</sup> (2014), o sector da pesca<sup>9</sup> (2015), sector cultural<sup>10</sup> (2016) e o sector do transporte e da loxística (2017)<sup>11</sup>. Se representamos graficamente a achega destes seis sectores á economía galega, vemos como o sector obxecto

<sup>7</sup> Véxase [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea\\_Forestal.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea_Forestal.pdf)

<sup>8</sup> Véxase [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Sector\\_automocion.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Sector_automocion.pdf)


<sup>9</sup> Véxase <http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AnaliseSectorPesca.pdf>

<sup>10</sup> Véxase [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise\\_Sector\\_Cultural.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf)

<sup>11</sup> Véxase [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE\\_Analise\\_Transporte\\_Loxistica.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE_Analise_Transporte_Loxistica.pdf)

de estudo, en termos directos, achega máis valor engadido á economía galega en 2015 ca calquera dos outros cinco sectores previamente analizados polo IGE.

*Gráfico 2. Peso no PIB dos sectores analizados na Actividade de interese estatístico: análise de sectores produtivos. Ano 2015*



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010.*


## 2.2 Evolución: 2003-2015

A contribución do sector ao produto interior bruto gaña peso dende o ano 2003. Se naquel ano o VEB xerado representaba un 2,8 % do PIB galego, a partir do ano 2013 esta achega xa supera o 5 % ata situarse no 6,1 % do ano 2015.

En termos de emprego o sector perdeu peso dende o ano 2003, no que representaba un 3,8 %, ata o ano 2015 en que, como xa quedou resaltado, achega o 3,3 % dos postos de traballo totais da economía galega. O sector perdeu emprego a un ritmo anual dun -1,8 %, mentres a economía o fixo a un ritmo anual do -0,6 %.

A evolución do VEB está a ser especialmente positiva dende o ano 2012: medra a unha taxa do 18 % anual, mentres a economía rexistrou un crecemento medio do 1,4 % anual.

Gráfico 3. Evolución de VEB e emprego no sector téxtil, confección e calzado e na economía galega. 2003-2015. Números índices. Ano 2003 = 100




Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2010

Unha análise por subsectores amosa que é o comercial o responsable desta evolución tan positiva do VEB e da crecente relevancia do sector na economía galega. No seguinte gráfico amósase a senda da evolución do valor engadido dende o ano 2003 e aprécianse os seguintes trazos:


- O subsector comercial medrou a unha taxa anual media do 12,9 %, mentres o industrial só o fixo a unha taxa do 0,8 %.
- O período máis positivo para o subsector industrial foi o período 2003-2008: nestes cinco anos rexistrou taxas de crecemento do 6,2 %; porén, incluso neste período as taxas rexistradas pola parte comercial superan esta evolución (16,4 %).
- Nos últimos anos da serie, o subsector industrial está a medrar (no período 2012-2015 a unha taxa media do 2 %); porén, acentuouse a súa perda de presenza no conxunto do sector. A causa é o gran crecemento da parte comercial.

Gráfico 4. Evolución do VEB no sector téxtil, confección e calzado e nos seus subsectores. 2000-2015. Números índices. Ano 2003 = 100



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2010

Gráfico 5. Distribución do VEB e emprego por subsectores. Serie 2003-2015



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2010

En termos de forza de traballo empregada, o subsector industrial resiste mellor ca en xeración de valor. No **Gráfico 5** presentamos a distribución do valor engadido bruto e dos postos de traballo por subsector. Nel apréciase a constante e intensa perda de peso do subsector industrial en termos de xeración de valor e a tendencia tamén decrecente en termos de emprego. Porén, no ano 2015, os empregos industriais supuñan o 35 % do emprego total no sector cando en termos de VEB só representaban o 15,4 % do total.

## 2.3 Análise de ratios

Neste apartado analizaremos unha serie de cocientes de variables difundidas anualmente no Sistema de contas económicas de Galicia que contribúen a describir o sector téxtil, da confección e calzado, pero tamén a situalo no contexto da economía galega. No caso do subsector comercial, obtéñense a través da estimación realizada para este estudo das macromagnitudes do sector.

*Táboa 3. Indicadores derivados. Total economía e sector téxtil, confección e calzado (e subsectores)*

	2003	2008	2015	Promedio 2003-2015
<b>Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)</b>				
Subsector industrial	29,3	26,5	27,5	27,0
Subsector comercial	52,8	58,3	60,6	57,7
Total Sector téxtil, confección e do calzado	39,6	42,5	51,1	44,5
<b>Total economía</b>	<b>44,4</b>	<b>43,0</b>	<b>46,9</b>	<b>45,0</b>
<b>Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo (euros)</b>				
Subsector industrial	18.662	28.816	42.201	28.810
Subsector comercial	35.551	58.906	125.542	70.890
Total Sector téxtil, confección e do calzado	25.848	44.531	96.254	52.867
<b>Total economía</b>	<b>31.861</b>	<b>40.706</b>	<b>47.064</b>	<b>40.458</b>
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / Valor engadido bruto (%)</b>				
Subsector industrial	68,2	63,0	55,6	65,8
Subsector comercial	29,8	23,3	16,2	22,6
Total Sector téxtil, confección e do calzado	45,8	35,6	22,2	34,3
<b>Total economía</b>	<b>51,3</b>	<b>51,2</b>	<b>48,1</b>	<b>50,6</b>
<b>Remuneración por posto de traballo asalariado (euros)</b>				
Subsector industrial	14.143	19.925	26.391	20.484
Subsector comercial	17.228	23.723	31.465	23.913
Total Sector téxtil, confección e do calzado	15.180	21.481	29.296	22.093
<b>Total economía</b>	<b>20.612</b>	<b>25.008</b>	<b>26.995</b>	<b>24.724</b>
<b>Tasa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)</b>				
Subsector industrial	90,0	91,2	89,0	90,8
Subsector comercial	61,5	57,9	64,5	63,0
Total Sector téxtil, confección e do calzado	77,9	73,8	73,1	75,7
<b>Total economía</b>	<b>79,3</b>	<b>83,3</b>	<b>83,9</b>	<b>82,5</b>

Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

Na **Táboa 3** recóllense valores para cinco indicadores do sector que confrontaremos cos da economía galega. Presentamos catro datos: en primeiro lugar o indicador para o ano 2003, por ser o primeiro dato dispoñible para o subsector comercial; o ano 2008 que nalgúns casos representou un período de inflexión na evolución da economía galega; e o ano 2015, último ano para o que dispoñemos de información desagregada para este sector. Tamén se inclúe na táboa o dato medio do período 2003-2015.

### 2.3.1 Capacidade para crear valor (VEB/produción)

Esta ratio define as unidades monetarias de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción. Será tanto maior canto menos consumos intermedios<sup>12</sup> se utilicen no proceso de produción, polo que se aproxima ao concepto de eficiencia produtiva. Hai que ter presente que esta ratio non analiza a eficiencia do factor traballo, senón só a utilización de insumos (materias primas e servizos) no proceso produtivo.

No sector téxtil, confección e calzado esta ratio indica que, por cada 100 euros de produción no sector, se xeran 51,1 de valor engadido no ano 2015. Este valor é superior ao nivel medio da economía (46,9) e débese, fundamentalmente, á capacidade do subsector comercial (60,6), moi superior á do subsector industrial (27,5). O crecemento da parte comercial contribuíu a que a capacidade de crear valor do sector superase ao da economía, feito que ao principio do período non era así. Cómpre ter en conta que, en xeral, a industria manufactureira precisa dun maior volume de consumos intermedios para producir fronte ao sector servizos, que habitúan ser actividades máis intensivas en traballo pero menos dependentes de inputs para produción.

Este indicador medra desde o ano 2003 no subsector comercial, pero mantense con poucos cambios na parte industrial.

---


<sup>12</sup> O VEB é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios (saldo contable da conta de produción).

### 2.3.2 Produtividade do factor traballo (VEB/postos de traballo)

A produtividade do factor traballo no sector, medida como o valor engadido dividido dos postos de traballo, duplica a produtividade media da economía no ano 2015. Novamente hai que buscar a explicación no subsector comercial que presenta uns niveis de produtividade moi elevados nos últimos anos. Este indicador resume a evolución comparada de VEB e emprego que xa vimos en seccións anteriores que medraron de forma desigual.

No inicio do período analizado (2003), a produtividade do sector era inferior á da economía, pero tanto no subsector comercial coma no subsector industrial o seu crecemento entre 2003 e 2015 foi superior. Isto é especialmente destacable no sector industrial, que conseguiu acadar incrementos porcentuais superiores: 7,7 % anual fronte ao 3,3 % anual do total da economía.

*Gráfico 6. Diferencial de produtividade: sector e subsectores con respecto ao total da economía. Serie 2005-2015*



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

Como se visualiza no gráfico, dende o ano 2009, o diferencial en valores absolutos con respecto ao total da economía redúcese sensiblemente no subsector industrial mentres este

diferencial é crecente cando consideramos o subsector comercial, na liña do xa avanzado en parágrafos anteriores.

### **2.3.3 Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración de asalariados/valor engadido bruto**

Este cociente mide a cota de valor engadido utilizada para remunerar o factor traballo asalariado. O valor engadido, pola vía das rendas, é o resultado de remuneración dos asalariados, excedente de explotación bruto e impostos netos sobre a produción e as importacións. Na medida en que a ratio remuneración de asalariados sobre VEB sexa alta significa que a parte de valor xerado destinado a pagar salarios será elevada e, polo tanto, a parte que remunera o factor capital (excedente de explotación bruto) e os impostos será menor.


No sector téxtil, confección e calzado, esta participación segue unha tendencia decrecente en todo o período, isto é, no sector cada vez a cota dos salarios no VEB xerado é inferior e, pola contra, a participación do excedente de explotación e rendas mixtas é máis relevante. No ano 2015, o 22,2 % do VEB xerado emprégase para remunerar o traballo asalariado cando no inicio do período esta porcentaxe era do 45,8 %. Nestes doce anos a crecente relevancia do subsector comercial está a condicionar o camiño que tomou o indicador: no subsector comercial, no ano 2003 era de 29,8 % e no 2015, do 16,2 %.

No subsector industrial o indicador é maior: 55,6 % en 2015, pero presenta una evolución con dúas fases diferenciadas:

- No período 2003-2007 o indicador mantense estable, a carón do 70 %.
- No ano 2009, tras unha caída en 2008, alcanza o seu máximo con un 75,5 %. É común a outros sectores produtivos que no período 2009 este indicador se incrementa e débese a que o descenso no valor engadido xerado no primeiro período da crise foi sufrido sobre todo polas rendas do capital.
- A partir de 2009 a tendencia é claramente decrecente: cada vez pesan menos as rendas salariais no subsector industrial.



Gráfico 7. Participación das rendas salariais no valor engadido xerado (remuneración dos asalariados/VEB)



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

### 2.3.4 Remuneración por posto de traballo asalariado


Este cociente mide a remuneración anual media do traballo asalariado no sector.<sup>13</sup> A remuneración media por posto de traballo no ano 2015 foi de 29.296 euros, que supera a remuneración media da economía. Cómpre destacar que no inicio do período a remuneración media en 2003 era de case 5500 €/ano máis baixa no sector ca no conxunto da economía, isto é, nestes anos a remuneración media medrou máis no sector téxtil, confección e calzado ca no conxunto da economía galega.

Dende 2003 a remuneración por posto de traballo asalariado medrou a taxas anuais do 5,6 %, mentres no conxunto da economía o fixo a taxas do 2,3 %. Dende o ano 2014 a remuneración media do sector supera a do conxunto da economía.

<sup>13</sup> Nas estatísticas do Sistema de contas económicas de Galicia que elabora o IGE acostumamos utilizar o cociente remuneración por hora traballada que entendemos que mide mellor a remuneración que perciben os traballadores en cada un dos sectores. Porén, na estimación que tivemos que realizar para estimar o subsector comercial non puidemos calcular as horas traballadas no subsector, polo que neste apartado nos centraremos na remuneración por posto de traballo.

Neste caso non se trata só de incrementos na remuneración media no subsector comercial, senón que a industria téxtil, confección e calzado tamén presenta unha evolución positiva en toda a serie, cunha tendencia claramente crecente dende o inicio (medra a taxas do 5,3 % anual no período 2003-2015).

Gráfico 8. Remuneración por posto de traballo asalariado. Datos en euros/ano



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2010

### 2.3.5 Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados/totais

Este indicador mide a porcentaxe de emprego asalariado sobre o total de emprego. O sector sitúase en 2015 cunha taxa do 73,1 %, porcentaxe inferior a do total da economía. Esta porcentaxe reduciuse ao longo da serie, principalmente polo maior crecemento do subsector comercial, caracterizado por unha maior presenza de emprego non asalariado (autónomos, fundamentalmente).


## 2.4 Ramas de actividade que forman o sector

Neste apartado analizamos as ramas de actividade que forman o subsector industrial. No caso do subsector comercial centrarémonos nunha visión comparada entre o devandito subsector e o conxunto das actividades comerciais realizadas en Galicia.

### 2.4.1 Industria téxtil

En Galicia, no ano 2015, existían 325 empresas cuxa actividade principal era a industria téxtil (división "13" da CNAE-09), das que 302 tiñan menos de dez asalariados. Tan só cinco empresas teñen 50 ou máis asalariados.

Gráfico 9. Empresas con actividade en Galicia e actividade principal "13 Industria téxtil"



Fonte: IGE. *Explotación do directorio de empresas e unidades locais*

Estas unidades xeraron un VEB de 44,6 millóns de euros e un emprego de 1412 postos de traballo. No PIB galego representa un 0,1 % e un 1,3 % do sector obxecto de análise neste documento. En termos de emprego, esta rama de actividade achega un 3,9 % do total do sector.

A capacidade para crear valor (37,7 en 2015; 38,5 en media 2003-2015) é inferior á media do sector (véxase a **Táboa 3**), ao igual que a produtividade do factor traballo. Esta produtividade incrementouse notablemente no período analizado, o que se viu traducido en incrementos da remuneración por posto de traballo asalariado.

Táboa 4. Rama da “Industria téxtil (R13)”. Peso na economía, no sector e principais ratios

	2003	2008	2015	Promedio 2003-2015
VEB (millóns de euros)	53,1	50,7	44,6	48,0
Postos de traballo	2.609	2.102	1.412	1.867
Peso na economía (% sobre PIB)	0,1	0,1	0,1	0,1
<b>Peso no sector téxtil, confección e do calzado</b>				
Valor engadido (%)	4,5	2,4	1,3	2,3
Postos de traballo (%)	5,8	4,4	3,9	4,4
<b>Ratios derivados:</b>				
Capacidade para crear valor (VEB / produción)	40,9	34,6	37,7	38,5
Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo (euros)	20.351	24.097	31.586	26.186
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / Valor engadido bruto (%)	52,2	61,3	56,1	61,0
Remuneración por posto de traballo asalariado (euros)	15.122	19.279	21.940	19.777
Tasa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)	70,2	76,6	80,8	80,2

Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*


Tamén se incrementou a presenza de emprego asalariado, cunha taxa de asalarización que chegou ao 80,8 % no ano 2015. Esta taxa é elevada con respecto ao sector no seu conxunto, malia con respecto ao total da economía estar 3 puntos por baixo.

A participación das rendas salariais na creación de valor é superior á media do sector e tamén á media da economía.

#### 2.4.2 Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado

Esta rama de actividade é a máis relevante no subsector industrial. En Galicia no ano 2015 existían 1047 empresas cuxa actividade principal estaba dentro das divisións 14 (Confección de roupa de vestir) ou 15 (Industria do coiro e do calzado). O 72 % destas empresas tiña menos de tres asalariados, isto é, predominan as empresas de reducida dimensión. Só 29 empresas tiñan 50 ou máis traballadores.

Gráfico 10. Empresas con actividade en Galicia e actividade principal "14 Confección de roupa de vestir" ou "15 Industria do coiro e do calzado"



Fonte: IGE. *Explotación do directorio de empresas e unidades locais*

En 2015 esta rama de actividade daba traballo a 11.296 persoas e xerou un valor engadido de 492 millóns de euros, o que representa un 0,9 % do PIB galego e un 14 % do VEB xerado polo conxunto do sector. En termos de emprego esta rama achega o 31,2 % do emprego total do sector.

Cómpre destacar a perda importante de emprego nesta rama dende o ano 2003. Naquel ano os postos de traballo superaban os 23.000, o que representaba o 51,7 % do emprego total no sector. Pese a esta perda de emprego, o VEB xerado pola rama de actividade en 2015 supera o xerado en 2003, o que denota un incremento moi relevante da produtividade do factor traballo nestes anos. De feito, rexistrou un incremento do 136 % dende 2003 a 2015.

Este incremento de produtividade supuxo incrementos da remuneración por traballador (91,3 %), aínda que foron inferiores ao incremento da produtividade. Relacionado con este fenómeno, a participación das rendas salariais foi descendendo de forma continuada ata o 55,6 % do ano 2015, porcentaxe superior á do total do sector e tamén ao total da economía galega.

*Táboa 5. Rama de “Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado (R14\_15)”.  
Peso na economía, no sector e principais ratios*

	2003	2008	2015	Promedio 2003-2015
VEB (millóns de euros)	431,9	604,6	491,7	478,5
Postos de traballo	23.379	20.638	11.296	17.750
Peso na economía (% sobre PIB)	1,0	1,0	0,9	0,9
<b>Peso no sector téxtil, confección e do calzado</b>				
Valor engadido (%)	36,9	28,5	14,1	22,5
Postos de traballo (%)	51,7	43,4	31,2	42,3
<b>Ratios derivados:</b>				
Capacidade para crear valor (VEB / produción)	28,3	26,0	26,9	26,2
Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo (euros)	18.474	29.297	43.528	29.131
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / Valor engadido bruto (%)	70,2	63,2	55,6	66,5
Remuneración por posto de traballo asalariado (euros)	14.060	19.979	26.891	20.564
Tasa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)	92,2	92,7	90,0	92,0

Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

### 2.4.3 O subsector comercial

Non temos as mesmas ferramentas para analizar as ramas que forman este subsector. Como xa comentamos, os resultados obtidos son froito dun traballo específico realizado para este documento a través de información interna utilizada na elaboración das Contas económicas de Galicia. Mentres o subsector industrial está formado por dúas ramas de actividades claramente delimitadas e con datos difundidos nas operacións estruturais do Sistema de contas económicas de Galicia, no caso do subsector comercial non dispoñemos dunha desagregación similar xa que está composto por un conxunto de unidades con determinadas CNAE moi específicas (véxase a **Táboa 1**).

Ante a imposibilidade deste tipo de análise, pensamos que pode ser de interese comparar o subsector comercial dedicado ao téxtil, confección e calzado, co total do sector comercial galego. Isto daranos unha idea da relevancia de toda a actividade comercial deste tipo de produtos dentro do comercio total.<sup>14</sup>

<sup>14</sup> Para os efectos deste bloque de análise, consideramos o total do comercio da economía galega como a suma das ramas de actividade *R46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos*

Na **Táboa 6** recolleemos tanto a achega da parte comercial do sector téxtil, confección e calzado ao sector comercial galego coma os principais indicadores utilizados nas seccións anteriores deste documento.

*Táboa 6. Sector téxtil, confección e calzado: o seu subsector comercial no contexto do comercio galego*

	2003	2008	2015	Promedio 2003-2015
<b>Peso no sector comercial galego</b>				
Valor engadido (%)	17,3	25,0	43,2	29,1
Postos de traballo (%)	11,6	13,1	14,3	12,8
<b>Ratios derivados:</b>				
<b>Capacidade para crear valor (VEB / produción)</b>				
Subsector comercial téxtil, confección e do calzado	52,8	58,3	60,6	57,7
Resto do sector comercial galego	57,8	58,9	55,1	57,8
<b>Total comercio economía galega</b>	<b>56,9</b>	<b>58,7</b>	<b>57,3</b>	<b>58,0</b>
<b>Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo (euros)</b>				
Subsector comercial téxtil, confección e do calzado	35.551	58.906	125.542	70.890
Resto do sector comercial galego	22.219	26.726	27.452	25.586
<b>Total comercio economía galega</b>	<b>23.761</b>	<b>30.944</b>	<b>41.455</b>	<b>31.573</b>
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)</b>				
Subsector comercial téxtil, confección e do calzado	29,8	23,3	16,2	22,6
Resto do sector comercial galego	53,3	55,7	60,9	58,0
<b>Total comercio economía galega</b>	<b>49,2</b>	<b>47,6</b>	<b>41,5</b>	<b>47,6</b>
<b>Remuneración por posto de traballo asalariado (euros)</b>				
Subsector comercial téxtil, confección e do calzado	17.228	23.723	31.465	23.913
Resto do sector comercial galego	15.395	18.740	20.680	18.804
<b>Total comercio economía galega</b>	<b>15.568</b>	<b>19.234</b>	<b>21.946</b>	<b>19.352</b>
<b>Tasa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)</b>				
Subsector comercial téxtil, confección e do calzado	61,5	57,9	64,5	63,0
Resto do sector comercial galego	76,9	79,4	80,8	79,0
<b>Total comercio economía galega</b>	<b>75,1</b>	<b>76,6</b>	<b>78,5</b>	<b>76,9</b>

Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*

O valor engadido do comercio de téxtil, confección e calzado representa no ano 2015 un 43,2 % do VEB total xerado polas actividades de comercio por xunto e polo miúdo en Galicia. A relevancia do subsector é crecente en todo o período, pois no ano 2003 esta porcentaxe situábase no 17,3 %. En termos de emprego tamén se aprecia unha crecente cota de empregos

---

*de motor; e R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas. Ambas as ramas inclúen a actividade produtiva que se desenvolve en establecementos produtivos cuxa actividade principal estea recollida nas divisións da CNAE-09 46 ou 47.*

relacionados co téxtil, confección e calzado, porén, o impacto é inferior ca en termos de xeración de valor.

A capacidade para xerar valor a partir dun volume de produción está parello entre a parte téxtil, confección e calzado e o resto, na media dos anos 2003-2015. Porén, as tendencias son diferentes: mentres no subsector téxtil, confección e do calzado é crecente, no resto do comercio a relación entre VEB e produción é relativamente estable ata 2013, e nos anos 2014 e 2015 cae.

As diferenzas máis salientables aparecen na produtividade do factor traballo. Aínda que o crecemento da produtividade en actividades comerciais non relacionadas co sector obxecto de estudo é relevante, non ten comparación co acaecido no subsector comercial téxtil, confección e calzado. Xa resaltamos en anteriores apartados o crecemento tan intenso da produtividade do traballo, que é moi superior á do resto de actividades comerciais.


Porén, este incremento non tivo un traslado similar á remuneración por traballador, aspecto que si ocorre no resto de actividades comerciais. Nestas actividades o incremento da remuneración media entre 2003-2015 supera os incrementos en produtividade. Como consecuencia a cota do valor engadido que se destina a remunerar o factor traballo é do 60,9 % en actividades comerciais non relacionadas co téxtil, confección e calzado; pero só chega ao 16,2 % nas actividades do subsector comercial téxtil, confección e calzado. Hai que ter presente que a porcentaxe de emprego asalariado é menor que no resto de actividades comerciais da economía, e que as rendas do emprego non asalariado forman parte do agregado rendas mixtas (incluído de forma xenérica no excedente de explotación).

#### **2.4.4 A transformación do sector: máis produtivo, pero menos industrial**

A evolución do sector amósanos unha transformación nel cara ás actividades comerciais en detrimento da parte industrial, que vai perdendo peso ao longo dos anos que analizamos neste documento. Paralelamente, esta parte industrial vai gañando en produtividade e en remuneración media, e a participación das rendas salariais no valor engadido é elevada. En ambos os indicadores, produtividade e participación das rendas salariais, os valores das ramas industriais do sector son semellantes á media da economía galega (véxase o **Gráfico 11**)



Gráfico 11. Distribución do valor engadido bruto no sector (a). Produtividade do traballo e participación das rendas salariais na creación de valor, ano 2015 (b)



Fonte: IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*

No subsector comercial, os incrementos de valor engadido non se trasladan ás rendas salariais. Estas medraron, pero non do mesmo xeito ca o VEB, e malia incrementárense o emprego e a remuneración media, en ningún caso absorben o desenvolvemento da actividade produtiva. Neste contexto, o que está a aumentar de xeito significativo é o peso do excedente de explotación na xeración de valor.

Debemos ter en conta que determinadas unidades clasificadas no subsector comercial teñen unha produción secundaria de servizos xurídicos e contables, servizos das sedes centrais das empresas, servizos de consultoría de xestión empresarial moi relevante.<sup>15</sup> Nestas unidades, que teñen como actividade principal o comercio por xunto, aparecen nos últimos anos volumes de ingresos debidos aos servizos de sede central, que están a xogar un papel determinante na evolución do subsector comercial. Esta actividade secundaria está contabilizada no subsector xa que se realiza en establecementos produtivos que manteñen unha elevada actividade comercial relacionada coa venda de roupa de vestir.

<sup>15</sup> Na “Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013” esta produción secundaria achegou o 12 % da produción total da sección G “Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas”

### 3 A dimensión territorial do subsector industrial

Neste apartado realízase unha análise en exclusiva do chamado subsector industrial. O motivo é a ausencia de fontes tanto en espazos suprarrexionais (España) como infrarrexionais (comarcas galegas) que nos permitan valorar o subsector comercial do téxtil, confección e calzado.


Revisaremos cal é o encadre da industria galega do téxtil, confección e do calzado no conxunto da economía española, isto é, queremos coñecer canto representa Galicia no conxunto estatal e como son os indicadores en perspectiva comparada cos do resto de España. Tamén analizaremos neste capítulo como se distribúen dentro do territorio galego estas actividades produtivas e cal é a relevancia dentro do PIB de cada comarca.

#### 3.1 O subsector da industria téxtil, confección e calzado no contexto estatal

As estatísticas do Sistema de contas económicas de Galicia elabóranse cunha metodoloxía común ás realizadas noutros espazos económicos, como pode ser o conxunto do Estado español, o que permite realizar comparacións entre magnitudes económicas. Neste bloque imos facer unha análise comparada do subsector industrial téxtil, confección e do calzado galego con respecto a España.

No ano 2015, de cada cen unidades monetarias de valor engadido xerado en España neste subsector, 9,4 proviñan da nosa comunidade. Isto é, Galicia achega arredor dunha décima parte da xeración do VEB na industria da fabricación téxtil, confección e do calzado. Outro trazo salientable é que Galicia representa cada vez máis no contexto estatal en termos de valor engadido xerado neste subsector: pasa o 5,4 % en 2000 ao 9,4 % en 2015. Este dato hai que poñelo nun contexto no que a nosa comunidade representa o 5,3 % tanto do PIB español coma da industria manufactureira en 2015.

Gráfico 12. *Peso de Galicia no ámbito estatal: industria téxtil, confección e do calzado; industria manufactureira e PIB*



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; INE. *Contabilidad anual de España*.

En termos de emprego Galicia representa o 8,4 % do total nacional e apréciase tamén un incremento da achega do sector galego no contexto estatal.

Unha das características diferenciais do subsector galego no contexto nacional é a súa resistencia en termos de presenza na economía. No ano 2000 o subsector achegaba o 1,2 % do PIB galego e español. Porén, mentres en Galicia mantén certa xerarquía, cunha achega do 0,9 % ao produto interior bruto de 2015, en España a presenza do sector reduciuse notablemente, ata o 0,5 % do ano 2015.

Táboa 7. O subsector industrial téxtil, confección e do calzado. Galicia no contexto estatal


	2000	2008	2015	Promedio 2000-2015
<b>Peso de Galicia no sector a nivel nacional</b>				
En termos de VEB	5,4	9,4	9,4	7,8
En termos de Emprego (postos de traballo)	7,5	11,0	8,4	9,3
<b>Peso do subsector nas economías</b>				
Galicia	1,2	1,1	0,9	1,0
España	1,2	0,6	0,5	0,7
<b>Ratios derivados:</b>				
<b>Capacidade para crear valor (VEB / produción)</b>				
Galicia	28,7	26,5	27,5	27,3
España	30,7	30,3	27,1	29,0
<b>Produtividade do factor traballo: VEB / horas traballadas</b>				
Galicia	7,9	15,1	23,3	14,0
España	11,9	18,8	20,4	17,1
<b>Remuneración por hora asalariada (euros)</b>				
Galicia	6,4	10,4	14,3	10,0
España	8,5	13,1	14,0	12,0
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)</b>				
Galicia	73,9	63,0	55,6	66,8
España	65,9	65,1	65,1	66,2
<b>Taxa de asalarización</b>				
Galicia	90,9	91,2	89,0	90,8
España	92,0	93,3	94,5	93,6

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; INE. *Contabilidad anual de España*.

En termos comparativos, Galicia ten unha capacidade para crear valor similar, conta cunha produtividade do factor traballo máis elevado, así como cunha remuneración por hora máis alta. Porén, a participación das rendas salariais na creación de valor é sensiblemente inferior. As causas habería que buscalas nunha taxa de asalarización máis baixa, isto é, a proporción de traballo autónomo en Galicia é superior e este traballo non se remunera vía “remuneración dos asalariados” senón a través do excedente de explotación. Outra causa é que, pese ao incremento notable da remuneración por hora do traballo asalariado, a produtividade do traballo asalariado medrou de forma máis intensa.<sup>16</sup> Este fenómeno é especialmente intenso dende o ano 2009, no que se está a producir o verdadeiro desenvolvemento, máis se o miramos en termos, comparado con España, de produtividade e remuneración por hora.

<sup>16</sup> Utilizamos as horas como denominador destes dous indicadores (remuneración media e produtividade do factor traballo) xa que entendemos que mide con maior precisión ambos os conceptos. No capítulo 2 utilizamos “postos de traballo” como denominador porque non estaban dispoñibles as “horas traballadas” no subsector comercial.

Gráfico 13. Evolución da produtividade (VEB/horas traballadas) e remuneración de asalariados por hora. Subsector industrial. Ano 2000 = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; INE. *Contabilidad anual de España*.

### 3.2 Distribución da produción por comunidades autónomas


Para analizar como se distribúe a produción da industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado no territorio español, imos empregar a información da “Encuesta industrial de productos” (EIP), que elabora o INE, para os anos 2000 a 2015.

Neste período, a produción española da industria téxtil, confección de pezas de vestir e industria do coiro e do calzado diminuíu a un ritmo medio do 3,15 % anual. Esta caída foi xeneralizada en todas as comunidades autónomas con só dúas excepcións: Galicia e A Ríoxa, cuxas producións se viron incrementadas e que, como consecuencia, viron como os seus pesos relativos no ámbito nacional tamén se incrementaban.

Neste período, as comunidades autónomas de Cataluña e Valencia mantéñense como as de maior peso na produción, cunha achega conxunta que supera o 60 % da produción total en todos os anos considerados. Pola súa parte, Galicia incrementa notablemente o seu peso no

conxunto nacional, xa que pasa de producir un 5,6 % da produción nacional no ano 2000 a un 12,7 % no 2015. Neste último ano Galicia sitúase como a terceira comunidade que máis achega á produción nacional do sector. Outra comunidade que experimentou un notable crecemento no seu peso no total nacional foi A Rioxa, que achega o 4,3 % da produción nacional en 2015 (e o 1,8 % no ano 2000). Pola contra, a Comunidade Autónoma de Madrid, diminúe o seu peso no agregado nacional durante os últimos anos, pasando de representar un 6,2 % a un 3,5 %.

Mapa 1. Distribución da produción da industria téxtil, confección e do calzado. Anos 2000 e 2015. Porcentaxes sobre o total estatal



Fonte: Elaboración propia a partir de INE. *Encuesta industrial de productos*

### 3.3 A industria téxtil, confección e do calzado nas comarcas galegas

O IGE publica dende 2013 os resultados do produto interior bruto (PIB) distribuído por comarcas e concellos. Nesta operación ofrécense tamén os resultados do VEB comarcal desagregado en 12 ramas de actividade. A operación ten carácter bienal e, polo momento, dispónse de información para os anos 2010, 2012 e 2014.


Para darlle un maior contido a esta análise do sector téxtil, confección e do calzado, utilízase información interna (non difundida ata agora) elaborada para a publicación da devandita operación. Neste apartado imos ver como se distribúe o VEB desta industria no territorio galego para despois analizar como de relevante é nas diferentes economías comarcais. Os resultados desta sección refírense ao ano 2014.

### 3.3.1 Distribución do valor engadido bruto do subsector no territorio galego

Máis do 84 % do valor engadido bruto xérase nas provincias da Coruña e de Ourense. Séguenas a moita distancia a provincia de Pontevedra, onde se xera cerca do 15 % do VEB e, por último, a provincia de Lugo, cuxa achega é inferior ao 1 %. Destaca a importancia da provincia de Ourense neste sector, cunha achega do 42 % en 2014, cando a achega ao PIB galego é do 10,6 %.

Se baixamos ao nivel comarcal na análise, vemos que hai unha comarca que destaca por enriba de todas as demais: a comarca de Ourense, onde se xera o 41 % do VEB do sector téxtil e da confección. Séguena en importancia as comarcas da Coruña (19 %), Ferrol (10 %) e Vigo (9 %).

Mapa 2. Distribución do VEB da industria téxtil, confección e do calzado por comarcas. Ano 2014



Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal





Só en 10 comarcas, a achega do sector téxtil ao PIB comarcal supera o 1 % (media de Galicia en 2014). As economías comarcais para as cales o sector téxtil é máis relevante son Bergantiños, Ordes e Ourense, onde o sector achega máis do 2 % do seu PIB.

Cando falamos do PIB e do VEB xerado nun concello, o criterio para asignar as devanditas contías é a localización do establecemento produtivo. Empregando a información das afiliacións á Seguridade Social en función do concello de residencia do afiliado podemos dar unha visión máis completa da importancia no ámbito local do sector para a poboación residente.<sup>17</sup> Esta visión é complementaria das anteriores, xa que sitúan a forza de traballo no concello de residencia do traballador. Se desde o punto de vista do PIB xerado o que facemos é situar a actividade produtiva nas comarcas galegas, coa perspectiva do concello de residencia situaremos a percepción de renda: o afiliado como perceptor de rendas derivadas do proceso de produción.

Con este obxectivo, analizaremos a relevancia destas afiliacións dentro do conxunto da industria dos afiliados industriais á seguridade social nos concellos. Pensemos que en moitos concellos as actividades industriais do téxtil, confección e calzado son especialmente relevantes, ata o punto de convertérense nas principais actividades industriais deles.

No seguinte mapa represéntase o peso que teñen as afiliacións do sector sobre o total de afiliacións da industria en cada un dos concellos, tendo en conta o concello de residencia do afiliado.


No conxunto de Galicia, os afiliados do sector supoñen en 2014 o 8,6 % do total de afiliados no sector industrial, porén, como se aprecia no **Mapa 4**, existen cinco concellos nos que esta porcentaxe supera o 30 %: Arzúa, Moraña, Ordes, Cabana de Bergantiños e Arteixo. Neles, cando menos o 30 % dos afiliados do sector industrial pertence ao subsector téxtil, confección e calzado. Isto fala da relevancia destas actividades nalgúns dos concellos galegos.

Vemos que existen dous polos nos cales o sector téxtil e da confección supón un elevado volume do emprego no sector industrial: por unha banda, o noroeste da provincia da Coruña e, por outra, o suroeste da provincia de Ourense.

---

<sup>17</sup> Utilizamos información interna incluída na operación “Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado”. Véxase a súa metodoloxía en [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_AfiliadosMunicipais\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_AfiliadosMunicipais_gl.pdf)

Mapa 4. Peso das afiliacións na industria téxtil, confección e do calzado sobre o total das afiliacións na industria manufactureira. Ano 2014




Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado

## 4 Comparativa internacional: subsector industrial

Neste capítulo analizamos a industria téxtil, confección de roupa e industria do coiro e do calzado (subsector industrial, definido no capítulo 1) nas economías dos países que forman a Unión Europea. Utilizaremos datos de Eurostat que recolle a información transmitida polos Estados membros conforme un programa de transmisión de datos aprobado por regulamento europeo (incluído no SEC-2010). Na elaboración destes datos utilizan unha metodoloxía común á utilizada no IGE e a transmisión de datos realízase consonte unha clasificación de actividades económicas estándar (cuxa adaptación española é a chamada CNAE-09). Así podemos realizar comparacións dos mesmos agregados que utilizamos nos capítulos anteriores.<sup>18</sup>

A industria téxtil, confección e calzado achega o 0,5 % do PIB da Unión Europea (no ano 2014, último ano dispoñible para o total da UE), mentres en España achega o 0,5 % ao PIB español e o 0,9 % ao galego, ambos no ano 2015.

Gráfico 14. Evolución da achega da industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado ao PIB. Serie 2000-2015. Galicia, España e UE-28



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; Eurostat. *Economic Accounts. GDP and main components*


<sup>18</sup> Poden consultarse os devanditos datos no apartado “National accounts (ESA 2010)” en <http://ec.europa.eu/eurostat/data/database>

En relación coa evolución do sector nas economías europeas obsérvase unha perda de peso dende o ano 2000, trazo común ao que acontece en Galicia; porén, tanto en Europa coma en España, a perda de peso é constante, sen apenas interrupción no período, mentres en Galicia amosa certa resistencia.

A contribución do sector a cada economía da Unión é desigual. Galicia atópase entre as economías nas que o sector ten máis relevancia. Os países máis especializados neste sector son Portugal (2,2 % do seu PIB), Romanía (1,9 %), Bulgaria (1,8 %), Italia e Lituania (1,4 %).

Nestes países, nos que a industria téxtil, confección e calzado é relevante, é nos que máis se acusa a perda de peso do sector dentro das súas economías. Así, en Lituania, o sector achegaba o 3,4 % do PIB en 2000 e pasa a representar o 1,4 % en 2015, en Portugal achegaba o 3,0 % e pasa a representar o 2,2 %, en Italia achegaba o 2,1 % do PIB en 2000 e pasa a representar o 1,4 % en 2015 e en España achegaba o 1,2 % do PIB en 2000 e pasa a representar o 0,5 %.

*Gráfico 15. Achega da industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado. Ano 2015. Porcentaxes sobre o PIB*



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; Eurostat. *Economic Accounts. GDP and main components* O dato do total Unión Europea e de Polonia fan referencia ao ano 2014.

## 4.1 Análise de ratios

Neste apartado analizaremos unha serie de ratios derivadas das contas económicas. Trátase de cocientes de variables difundidas anualmente nos sistemas de contas e que contribúen a describir o sector.

*Táboa 8. Indicadores derivados. Industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e calzado. Galicia e países da UE-28*

	Galicia	España	UE-28	Portugal	Romanía	Bulgaria	Italia	Lituania
<b>Capacidade para crear valor (VEB / produción) <sup>(*)</sup></b>								
2000	28,7	30,7	..	32,8	39,6	38,8	29,4	39,5
2008	26,5	30,3	..	38,1	41,9	38,9	28,5	53,0
2015	27,5	27,1	..	38,0	48,3	37,3	28,8	54,8
<b>Produtividade do factor traballo (VEB en PPA / horas totais) <sup>(**)</sup></b>								
2000	9,3	14,1	10,6	7,6	2,9	2,7	20,7	7,0
2008	16,4	20,4	13,0	9,8	6,1	3,4	21,9	8,2
2015	26,1	22,8	16,4	13,2	9,6	6,4	28,3	15,4
<b>Taxa de asalarización (Horas asalarizadas / totais) <sup>(***)</sup></b>								
2000	91,4	92,3	90,1	90,7	99,2	95,6	84,1	96,7
2008	91,7	93,1	89,7	90,3	99,5	96,5	82,5	92,0
2015	90,5	94,4	88,9	90,9	99,1	95,2	81,9	92,8
<b>Xornadas medias de traballo (horas/semana) <sup>(****)</sup></b>								
2000	36,6	33,9	34,4	35,6	37,2	32,2	34,6	36,2
2008	36,8	34,5	34,5	35,3	36,5	32,2	34,3	36,6
2015	34,8	34,8	34,0	35,1	36,2	30,5	32,8	35,4
<b>Remuneración do traballo asalariado (PPA/hora)</b>								
2000	7,5	10,1	7,8	6,0	2,4	3,1	13,0	3,9
2008	11,3	14,3	9,5	7,2	5,9	2,5	15,1	6,3
2015	15,9	15,7	11,5	8,6	5,9	4,7	18,9	8,9
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalarizados / VEB (%)</b>								
2000	73,9	65,9	66,2	71,7	81,4	111,1	53,0	53,6
2008	63,0	65,1	66,1	66,6	96,5	71,2	56,9	70,7
2015	55,6	65,1	59,5	59,0	60,5	69,6	54,7	53,6

(\*) Eurostat non ofrece datos de produción para o total da UE-28 ao nivel de desagregación da industria téxtil, confección de prendas de vestir e industria do coiro e do calzado. (\*\*) O dato da UE-28 corresponde ao ano 2014, último dispoñible. (\*\*\*) Este ratio utiliza horas e non postos de traballo xa que estes non están dispoñibles en Eurostat con este nivel de desagregación sectorial. (\*\*\*\*) Este ratio utiliza as persoas e non os postos de traballo xa que estes non están dispoñibles en Eurostat con este nivel de desagregación sectorial

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; Eurostat. *Economic Accounts. GDP and main components*

Na Táboa 8 recóllense valores para seis indicadores do sector que confrontaremos cos doutras economías (España, media UE-28 e países europeos máis especializados no sector téxtil). Presentamos tres datos: en primeiro lugar o indicador para o ano 2000, por ser o primeiro dato dispoñible na serie contable; o ano 2008, que nalgúns casos representou un período de

inflexión na evolución das economías; e o ano 2015, último ano para o que dispoñemos de información desagregada para o sector.

#### **4.1.1 Capacidade para crear valor (VEB/producción)**

Galicia presenta unha menor capacidade de crear valor por unidade de produción ca o resto de economías analizadas. Ademais, amplificáronse as diferenzas co paso do tempo con respecto a algúns países (Portugal, Romanía, Lituania). Porén, en 2015 a industria téxtil galega presenta unha capacidade de crear valor similar á do sector téxtil español ou italiano.

#### **4.1.2 Produtividade do factor traballo (VEB en PPA/horas efectivas traballadas)**

Este indicador é o cociente entre o valor engadido xerado e as horas traballadas. Como vimos en apartados anteriores, é un indicador da produtividade do factor traballo, malia para os efectos de realizar comparativas internacionais utilizarmos as paridades de poder de compra para illar as diferenzas de prezos que existen entre países.

En relación con este indicador, o sector téxtil galego ten a produtividade do factor traballo máis alta das economías analizadas (salvo Italia). No principio do período, en cambio, a produtividade era inferior á española, pero tamén á europea. Nos 15 anos do século XXI, produciuse unha transformación no sector, que consegue crecementos da produtividade que o coloca no ano 2015 cunha produtividade un 59 % máis elevada ca na media da UE-28 e só superada por Italia entre os países nos que o sector achega máis ao PIB.

#### **4.1.3 Taxa de asalarización**

Este cociente mide a porcentaxe de emprego por conta allea ou asalariado no sector. Neste capítulo utilizamos as horas traballadas como medida, porque non están dispoñibles en Eurostat datos de postos de traballo. Porén, entendemos que recolle de forma axeitada o fenómeno que queremos medir.

No ano 2015 o 90,5 % das horas traballadas era de asalariados, porcentaxe inferior á que presenta o sector na economía española (94,4 %) pero cun nivel similar á media da Unión Europea (88,9 %). En Europa esta taxa é lixeiramente decrecente desde 2000. En Italia temos as porcentaxes máis baixas de traballo asalariado (un 81,9 % en 2015).

#### 4.1.4 Xornadas medias de traballo (horas de traballo efectivas semanais)

As xornadas medias de traballo mídense en horas de traballo semanais e son unha variable derivada<sup>19</sup> da información de emprego contida nos sistemas de contas.

En relación con este indicador, o sector téxtil galego presenta unha xornada media superior á da media da Unión Europea, pero similar a das economías de Portugal ou España. A xornada decrece en Galicia dende o ano 2000, ano no que era un 8 % superior á da economía española e un 6 % superior á media da UE-28.

#### 4.1.5 Remuneración por hora traballada

A remuneración por hora do traballo por conta allea presenta trazos similares aos da produtividade: é superior á das economías analizadas (salvo Italia). Ademais, este diferencial positivo na remuneración media acrecéntase co paso dos anos.

#### 4.1.6 Participación das rendas salariais na creación de valor

Este cociente en 2015, como xa indicamos en diversos apartados deste estudo, é de 55,6, inferior á media europea (59,5), ao dato de España (65,1) e só lixeiramente superior a Italia (54,7) e Lituania (53,6). A mingua deste cociente é un fenómeno común ao acaecido en Europa, porén, a intensidade do descenso é o factor distintivo en Galicia.

### 4.2 Produtividade e remuneración do traballo

Galicia presenta no período 2000-2015 un patrón de crecemento singular. Nestes anos consegue que o sector non perda excesivo peso no PIB total, debido fundamentalmente a un importante incremento da produtividade do traballo, que puido contrarrestar a perda de emprego, moi importante, no período.

Froito desta perda de emprego, pero tamén grazas a incrementos da produtividade superiores aos incrementos da remuneración media, a industria do téxtil, confección e do calzado viu como a participación das rendas salariais no valor engadido xerado se reducía notablemente. Non obstante, hai que destacar o elevado nivel da produtividade galega no contexto europeo, que a sitúa en 2015 en niveis próximos a Italia, e moi por riba da media da UE-28.


---

<sup>19</sup> O cálculo realízase a partir do cálculo das horas anuais (horas/persoas) dividido entre o número de semanas/ano (52,14).

Se revisamos o perfil doutras economías europeas, vemos como a senda de produtividade e remuneración por hora galega é similar a de países como Bulgaria ou Romanía, nos que a produtividade se incrementa máis ca a remuneración media.

A produtividade e a remuneración medrou máis en Galicia ca en países como Italia, España ou Portugal, nos que o sector ten certa relevancia.

Gráfico 16. *Crecedamento da remuneración e produtividade. Taxas de crecedamento anuais acumulativas medias: 2000-2015*



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Contas económicas de Galicia. Base 2010*; Eurostat. *Economic Accounts. GDP and main components*.

RO Romanía; BG Bulgaria; SK Eslovaquia; LT Lituania; EE Estonia; SK Eslovaquia; CZ República Checa; UK Reino Unido, SI Eslovenia; NO Noruega; PT Portugal; IE Irlanda; ES España, EU28 Total UE-28; NL Países Baixos; FR Francia; DK Dinamarca; BE Bélxica; IT Italia; FI Finlandia; DE Alemaña; SE Suecia; AT Austria; CY Chipre; EL Grecia. Non están dispoñibles datos de: Letonia, Hungría, Malta e Polonia.



## 5 Produtos característicos e relacións intersectoriais: unha análise a partir do Marco input-output de Galicia

Neste capítulo utilizaremos o Marco input-output de Galicia nas súas dúas vertentes. No primeiro bloque centrarémonos na súa capacidade descritiva e faremos unha análise dos produtos característicos (têxtils, roupa de vestir e coiro e calzado). No segundo bloque aproveitaremos as funcionalidades analíticas do Marco para analizar as relacións intersectoriais do subsector industrial.

Tanto dende o punto de vista descritivo como analítico, centrarémonos no subsector industrial (as ramas e produtos industriais). No primeiro caso utilizaremos información publicada da “Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013” e no segundo a matriz simétrica da economía galega calculada a partir do devandito marco.<sup>20</sup>

### 5.1 Produtos característicos

As táboas de orixe e destino (TOD) son matrices rectangulares que describen os valores das operacións de bens e servizos referidas á economía desagregadas por tipo de produto e rama de actividade. Na “Actualización do Marco Input-Output de Galicia” distinguimos tres produtos relacionados co subsector industrial têxtil, confección e calzado. Estes produtos son: “13 *Produtos têxtils*”, “14 *Roupa de vestir*” e “15 *Coiro, artigos de coiro e calzado*”.

Para cada un deles temos, a través das TOD, información da oferta e demanda. A oferta está formada por produción interior e por importacións, mentres a demanda é a suma do consumo intermedio, o gasto en consumo final, a formación bruta de capital (investimento) e as exportacións. Dado que a demanda se valora a prezos de adquisición e a oferta a prezos básicos, inclúese dentro desta información dos custos de distribución (marxes comerciais e de transporte) e impostos netos sobre a produción.

#### 5.1.1 Produtos têxtils

Dende a óptica da oferta, os produtos têxtils que se demandan en Galicia son fundamentalmente importados. Así, no ano 2013 a produción interior representaba o 9,9 % da

---

<sup>20</sup> Para coñecer as diferenzas entre ambas as fontes e as razóns da utilización dunha e doutra, pode consultarse a metodoloxía da “Actualización do Marco Input-Output” en: [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Met\\_actualizacionMiogal\\_13\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Met_actualizacionMiogal_13_gl.pdf)

oferta total de produtos téxtiles e as importacións o 78,2 %. Ademais, estes produtos foron importados maioritariamente do resto de España.

En relación cos destinos destes produtos, cómpre dicir que se dirixen fundamentalmente cara á demanda intermedia. Así, o 79,8 % tivo como destino outros sectores produtivos para seren utilizados como inputs doutra produción. Principalmente este destino está nas chamadas “Resto da industria”, epígrafe no que se inclúe a actividade da industria de confección de roupa de vestir.

A demanda final está constituída polo gasto en consumo final dos fogares (14,4 % da demanda total), pola formación bruta de capital (0,1 % da demanda total) e polas exportacións (5,7 % restante). O principal destino das exportacións é o resto de España (representando o 69,4 % das exportacións totais).

Táboa 9. *Produtos téxtiles: oferta e demanda. Ano 2013*

Produto: 13 Produtos téxtiles							
OFERTA				DEMANDA			
	Millóns euros	% (1)	% (2)		Millóns euros	% (1)	% (2)
<b>Produción</b>	<b>94</b>	<b>9,9</b>		<b>Consumos intermedios</b>	<b>754</b>	<b>79,8</b>	
Principais ramas produtoras			100,0	Principais ramas consumidoras			100,0
- Resto da industria	93		98,9	- Resto da industria	570		75,5
- Resto	1		1,1	- Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	89		11,8
				- Resto	96		12,7
				<b>Gasto en consumo final</b>	<b>136</b>	<b>14,4</b>	
				<b>Formación bruta de capital</b>	<b>1</b>	<b>0,1</b>	
<b>Importacións</b>	<b>739</b>	<b>78,2</b>		<b>Exportacións</b>	<b>54</b>	<b>5,7</b>	
Orixe			100,0	Destino			100,0
Resto de España	425		57,5	Resto de España	38		69,4
UE-27	201		27,2	UE-27	10		18,0
Resto do Mundo	113		15,3	Resto do Mundo	7		12,6
<b>Total de oferta a prezos básicos</b>	<b>833</b>	<b>88,1</b>					
<b>Custos de distribución e impostos</b>	<b>112</b>	<b>11,9</b>					
<b>Total oferta a prezos de adquisición</b>	<b>945</b>	<b>100,0</b>		<b>Total demanda</b>	<b>945</b>	<b>100,0</b>	

(1) Porcentaxe sobre total oferta e demanda; (2) Porcentaxe sobre cada bloque.

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013*

### 5.1.2 Roupa de vestir

A produción interior é máis relevante ca a importación e está concentrada no subsector industrial (non hai producións secundarias noutras ramas de actividade). As importacións

achegan o 20,4 % da oferta total e proceden fundamentalmente do resto do mundo, isto é, de países fóra da UE.

Cómpre destacar o peso elevado dos “Custos de distribución e impostos” neste produto. É a manifestación de que as marxes comerciais sobre estes produtos son moi relevantes e outra forma de resaltar a elevada incidencia do subsector comercial dentro dos produtos característicos.

A análise da demanda amosa a rotura da cadea produtiva cara a diante debido ao elevado peso da demanda final (o gasto en consumo final representa o 35,7 % da demanda total e as exportacións o 46,7 %). A demanda intermedia representa o 16,4 % e destacan como principais consumidores a propia industria e o comercio.

As exportacións diríxense fundamentalmente cara ao resto de España e países da UE-27 (Francia, Italia, Portugal, Reino Unido).

*Táboa 10. Roupa de vestir: oferta e demanda. Ano 2013*

Produto: 14 Prendas de vestir							
OFERTA			DEMANDA				
	Millóns euros	% (1)	% (2)		Millóns euros	% (1)	% (2)
<b>Produción</b>	<b>1.551</b>	<b>48,9</b>		<b>Consumos intermedios</b>	<b>521</b>	<b>16,4</b>	
Principais ramas produtoras			100,0	Principais ramas consumidoras			100,0
- Resto da industria	1.551		100,0	- Resto da industria	450		86,4
				- Comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22		4,3
				- Outros servizos	12		2,2
				- Resto	37		7,1
				<b>Gasto en consumo final</b>	<b>1.133</b>	<b>35,7</b>	
				<b>Formación bruta de capital</b>	<b>37</b>	<b>1,2</b>	
<b>Importacións</b>	<b>649</b>	<b>20,4</b>		<b>Exportacións</b>	<b>1.482</b>	<b>46,7</b>	
Orixe			100,0	Destino			100,0
Resto de España	83		12,7	Resto de España	496		33,5
UE-27	192		29,6	UE-27	587		39,6
Resto do Mundo	374		57,6	Resto do Mundo	399		26,9
<b>Total de oferta a prezos básicos</b>	<b>2.200</b>	<b>69,3</b>					
<b>Custos de distribución e impostos</b>	<b>974</b>	<b>30,7</b>					
<b>Total oferta a prezos de adquisición</b>	<b>3.173</b>	<b>100,0</b>		<b>Total demanda</b>	<b>3.173</b>	<b>100,0</b>	

(1) Porcentaxe sobre total oferta e demanda; (2) Porcentaxe sobre cada bloque.

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013*

### 5.1.3 Coiro, artigos de coiro; calzado

A produción de coiro, artigos de coiro e calzado en Galicia representa o 29,6 % da oferta total destes produtos e complétase con importacións que proceden basicamente do resto de España.

Ao igual ca as prendas de vestir, os artigos de coiro e calzado teñen como destino principal a demanda final (basicamente o gasto en consumo final que representa o 59,2 % da demanda total destes produtos). As exportacións representan o 27,1 % e teñen como destino fundamental o resto de España.

Táboa 11. Coiro, artigos de coiro; calzado. Ano 2013

Produto: 15 Coiro, artigos de coiro; calzado							
OFERTA	Millóns euros	% (1)	% (2)	DEMANDA	Millóns euros	% (1)	% (2)
<b>Produción</b>	<b>182</b>	<b>29,6</b>		<b>Consumos intermedios</b>	<b>75</b>	<b>12,2</b>	
Principais ramas produtoras			100,0	Principais ramas consumidoras			100,0
- Resto da industria	182	99,9		- Resto da industria	58	77,7	
- Resto	0	0,1		- Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	7	8,8	
				- Madeira, papel e mobles	3	3,9	
				- Resto	7	9,7	
				<b>Gasto en consumo final</b>	<b>364</b>	<b>59,2</b>	
				<b>Formación bruta de capital</b>	<b>9</b>	<b>1,5</b>	
<b>Importacións</b>	<b>182</b>	<b>29,6</b>		<b>Exportacións</b>	<b>167</b>	<b>27,1</b>	
Orixe			100,0	Destino			100,0
Resto de España	92	50,3		Resto de España	90	54,0	
UE-27	36	19,8		UE-27	17	10,2	
Resto do Mundo	55	30,0		Resto do Mundo	60	35,8	
<b>Total de oferta a prezos básicos</b>	<b>365</b>	<b>59,2</b>					
<b>Custos de distribución e impostos</b>	<b>251</b>	<b>40,8</b>					
<b>Total oferta a prezos de adquisición</b>	<b>616</b>	<b>100,0</b>		<b>Total demanda</b>	<b>616</b>	<b>100,0</b>	

(1) Porcentaxe sobre total oferta e demanda; (2) Porcentaxe sobre cada bloque.

Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

## 5.2 Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave

Para estimar a intensidade das relacións intersectoriais que se observan entre as ramas de actividade da economía galega analizamos a matriz simétrica, que é unha matriz por ramas homoxéneas (por produtos) que se elabora a partir das táboas de orixe e destino (TOD) do Marco input-output. Nesta matriz simétrica cada rama homoxénea produce un tipo de produto característico definido por unha determinada clasificación e cada columna da matriz simétrica expresa a función de produción, é dicir, os consumos intermedios e a remuneración dos factores produtivos precisos para obter a produción desa rama homoxénea.

### 5.2.1 Complexo produtivo do téxtil

Realizaremos unha primeira aproximación ás relacións intersectoriais na economía galega estudando as ligazóns específicas entre ramas. Empregaranse para iso os coeficientes de ligazón de Streit que se definen como segue:

$$CES_{ij} = \frac{LEO_{ij} + LEO_{ji} + LED_{ij} + LED_{ji}}{4},$$

Onde:

$LEO_{ij}$ <sup>21</sup> é a ligazón específica de oferta entre as ramas  $i$  e  $j$  definida como o cociente entre o que a rama  $i$  lle entrega á rama  $j$  e o total da demanda intermedia da primeira. Segundo se computen ou non dentro da rama  $i$  os bens e servizos procedentes do exterior da rexión, estaremos ante ligazóns con importacións ( $LEO_{ij}^T$ ) ou sen importacións ( $LEO_{ij}^R$ ). Xa que logo,  $LEO_{ij}^T$  representa o tanto por un absorbido pola rama  $j$  do total de recursos (rexionais ou importados) da rama  $i$  que son consumidos pola demanda intermedia.  $LEO_{ij}^R$  é o tanto por un que representan os consumos intermedios realizados polos establecementos galegos da rama  $j$  respecto do total de outputs intermedios dos establecementos, tamén galegos, da rama  $i$ .

$LED_{ij}$ <sup>22</sup> é a ligazón específica de demanda entre as ramas  $i$  e  $j$ . De novo hai que distinguir entre ligazóns específicas de demanda con importacións ( $LED_{ij}^T$ ) e sen importacións ( $LED_{ij}^R$ ), segundo

<sup>21</sup>  $LEO_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_j X_{ij}}$ , onde  $X_{ij}$  é o consumo intermedio que a rama  $j$  fai de produtos da rama  $i$

<sup>22</sup>  $LED_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_i X_{ij}}$ , sendo  $X_{ij}$  é o consumo intermedio que a rama  $j$  fai de produtos da rama  $i$


se computen a totalidade das compras intermedias ou só as de establecementos situados na rexión.  $LED_{ij}^T$  representa o tanto por un que sobre o total de consumos intermedios da rama  $j$  (tanto de orixe galega coma exterior) representan os realizados por ela respecto de bens e servizos da rama  $i$ .  $LED_{ij}^R$  é o tanto por un que, sobre o total dos consumos intermedios de orixe galega realizados pola rama  $j$ , representan os adquiridos por ela nos establecementos, tamén galegos, encadrados na rama  $i$ .

Se as ligazóns utilizadas son do tipo “sen importacións”, poderemos identificar os nós de produción reais da economía galega. Pero se as consideradas son da clase “con importacións”, as relacións identificadas suxiren posibles oportunidades para desenvolver complexos produtivos en Galicia.

O coeficiente de ligazón de Streit toma valores entre 0 e 1 e a proximidade a 1 indica maior dependencia entre as ramas consideradas. Para discriminar cales son as relacións intersectoriais máis importantes que nos servirán para identificar as cadeas produtivas, é habitual establecer un limiar mínimo, de modo que un sector  $j$  se considera incluído na cadea produtiva dun sector  $i$  sempre que o coeficiente de ligazón de Streit sexa superior ao dito limiar. A partir da observación dos valores destes coeficientes na economía galega, adoptouse o criterio de considerar incluído na cadea produtiva dun sector todas aquelas ramas vinculadas con el por un coeficiente de ligazón de Streit superior a 0,1. Ademais, para falar dun complexo produtivo esiximos un mínimo de tres conexións relevantes entre ramas.

Con base nos criterios definidos, non se identifica un complexo produtivo téxtil en Galicia. Os coeficientes de ligazón de Streit interiores de Galicia indican que a industria da confección só está fortemente relacionada cos “outros servizos persoais” (onde se inclúen os servizos de pasar o ferro subcontractados por esta industria). Porén, ao incluír as importacións na análise das ligazóns intersectoriais, si se observa unha forte relación entre a industria da confección, a industria téxtil e os outros servizos persoais. O que é indicativo de que a meirande parte dos produtos téxtiles consumidos pola industria da confección de Galicia son importados.

Gráfico 17. Complexo produtivo do téxtil con importacións



Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

Táboa 12. Coeficientes de ligazón de Streit con importacións

$CES_{ij}^T$		R13	R14_15	R96
		Industria téxtil	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	Outros servizos persoais
R13	Industria téxtil	0,2435	0,2779	0,0001
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,2779	0,5903	0,1288
R96	Outros servizos persoais	0,0001	0,1288	0,0118

Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

Un dos principais inconvenientes do emprego das ligazóns entre ramas para a análise das relacións intersectoriais é que no cálculo das ligazóns só se teñen en conta as relacións produtivas directas entre as ramas produtivas.

## 5.2.2 Efectos directos e indirectos

### NOTA METODOLÓXICA

O IGE inclúe na publicación da matriz simétrica da economía galega de 2011 nove táboas que facilitan os seus obxetivosobxectivos analíticos, e que se basean na meirande parte na metodoloxía da análise input-output desenvolvidodesenvolvida a partir dos traballos de Leontief.

A publicación da actualización do Marco input-output de Galicia: ano 2013 non inclúe a matriz simétrica, pero internamente si se calculou e é a matriz utilizada neste apartado do estudo.

Estas nove táboas son:

1. Matriz de coeficientes técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a atrás totais.
2. Matriz de coeficientes técniostécnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a atrás interiores.
3. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a atrás totais.
4. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a atrás interiores.
5. Matriz de coeficientes de distribución totais. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante totais.
6. Matriz de coeficientes de distribución interiores. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante interiores.
7. Matriz inversa de Ghosh total. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante totais.
8. Matriz inversa de Ghosh interior. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante interiores.
9. Coeficientes de traballo. Os coeficientes de traballo directos indican os postos de traballo (asalariados e non asalariados) que se xeran en Galicia por unidade de produción dunha rama. E os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar postos de traballo na economía galega.



Os encadeamentos directos cara atrás representan as necesidades que a rama ten dos inputs intermedios que lle proporcionan o resto das ramas produtivas da economía galega. Un valor alto do indicador reflicte un uso intensivo de consumos intermedios na produción total e ademais que os devanditos consumos teñen orixe galega. Isto implica unha integración na economía galega como demandante de produtos galegos.

A industria téxtil e a de confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado teñen un efecto arrastre similar sobre o tecido empresarial galego (cun encadeamento directo cara atrás do 0,2371 e 0,2317, respectivamente). Valores inferiores a media da economía (0,3138).

Tal e como se recolle na táboa 14, o efecto arrastre destas actividade amplificaríase considerablemente de substituírse as importacións por produción interior.

Os encadeamentos directos cara a diante informan sobre a situación dun sector na cadea de valor e recollen se o seu destino ten un carácter maioritariamente final ou intermedio. Un maior valor do indicador implica unha maior orientación como subministradora de inputs para a economía galega, é dicir, cara á demanda intermedia.

A industria téxtil presenta valores deste indicador por enriba da media galega, é dicir, é unha rama intensamente demandada como insumo na economía galega, concretamente pola industria da confección.

*Táboa 13. Encadeamentos directos e totais*

			Encadeamentos directos		Encadeamentos totais		Coeficientes de traballo	
			Cara a atrás	Cara a diante	Cara a atrás	Cara a diante	Directos	Totais
R13	Industria téxtil	Interior	0,2371	0,3973	1,3592	1,5318	0,0147	0,0177
		Total	0,6317	0,8684	2,6200	2,1592	0,0147	0,0299
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	Interior	0,2317	0,0995	1,3288	1,1181	0,0069	0,0108
		Total	0,7318	0,1913	2,8929	1,2467	0,0069	0,0269
	Total economía	Interior	0,3138	0,3619	1,4849	1,5599	0,0150	0,0198
		Total	0,5307	0,4520	2,3070	1,7753	0,0150	0,0268

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013*

Os coeficientes descritos ata o momento teñen en conta unicamente as relacións directas entre ramas, pero para captar o efecto arrastre dun sector sobre a economía tamén se deben ter en conta as conexións indirectas entre sectores que se establecen ao longo das cadeas produtivas que existen na economía.

Así, os encadeamentos totais cara atrás engádenlles aos encadeamentos directos o efecto de que, ante un incremento da demanda, a propia rama vai aumentar tamén os consumos de todos os seus inputs intermedios. Isto pon de manifesto que, cando se incrementa a demanda final da rama  $j$ , a rama  $i$  non só ten que aumentar a súa produción na contía que  $j$  precisa directamente de tales bens para poder elevar o seu nivel de produción, senón que tamén terá que atender as demandas intermedias xeradas por todos os sectores que, directa ou indirectamente, son provedores de  $j$ .

De novo a industria téxtil e a de confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado presentan uns encadeamentos totais cara atrás similares (1,3592 e 1,3288), e sitúanse por debaixo da media do total da economía (1,4849). Porén, ao incluír as importacións na análise dos encadeamentos, o efecto arrastre das ramas do sector téxtil amplifícase e pasan a posicionarse por riba da media da economía.

Os coeficientes de traballo directos recollen os postos de traballo que se xeran por unidade de produción. A industria téxtil é máis intensiva en factor traballo ca a industria da confección e do coiro en Galicia. Esta industria toma un valor nestes coeficientes similar a media do total da economía (15 empregos por cada millón de euros producido).

Pero como existen interconexións entre as ramas da economía galega, un incremento da produción nunha delas non só provoca incrementos de emprego nesa rama, senón que na medida en que esta emprega inputs producidos por outras ramas tamén repercute no seu emprego.

Os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar emprego na economía galega. Segundo estes coeficientes, a industria téxtil xera 17,7 empregos na economía por cada millón de euros producido, dos cales 14,7 se xeran na propia rama e os 3 restantes se corresponden con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores. Concretamente, 2,1 empregos xeraríanse nos provedores de primeira liña das actividades téxtiles e o resto serían empregos inducidos, producidos a causa do aumento da demanda de inputs que realizan as diferentes ramas afectadas polos efectos indirectos e que se transmiten ao conxunto de sectores da economía.

**Táboa 14. Descomposición dos coeficientes de traballo totais**

		Coeficientes de traballo			Efecto multiplicador (D/A)	
		Directos (A)	Indirectos (B)	Inducidos (C)		Totais (D=A+B+C)
R13	Industria téxtil	0,0147	0,0021	0,0009	0,0177	1,20246
Confección de roupa de vestir e industria do						
R14_15	coiro e do calzado	0,0069	0,0030	0,0009	0,0108	1,56490

Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

Se definimos o efecto multiplicador dunha rama sobre o emprego da economía como o cociente entre os coeficientes de traballo totais e os directos, obsérvase, non obstante, que é a confección de roupa de vestir e a industria do coiro e do calzado a que presenta un maior efecto sobre o emprego do resto de ramas da economía.

### 5.2.3 Identificación de sectores clave

Os indicadores definidos ata o momento non discriminan a importancia que unha rama cun maior nivel de produción ou cun maior peso na demanda final poida ter sobre outras e, en consecuencia, sobrevaloran o papel que xogan na economía as ramas máis pequenas e menosprezan o papel daquelas máis grandes. Como solución a este problema, Fernández, M. e Fernández-Grela, M.<sup>23</sup> propoñen utilizar índices ponderados a partir da demanda final como medidas da intensidade dos encadeamentos.

Para ver a intensidade das ligazóns cara atrás da rama  $j$ , podemos utilizar o índice de poder de dispersión ( $U_j^P$ ), definido como:

$$U_j^P = \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R} \left( \frac{1}{n} \right) \sum_j \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}$$

onde  $\alpha_{ij}^R$  representa o elemento correspondente á fila  $i$ , columna  $j$  da matriz inversa de Leontief rexional (LR);  $n$  é o número de ramas homoxéneas e  $D_i^R$  o valor da demanda final da produción interior galega.

<sup>23</sup> Véxase Fernández, M.; Fernández-Grela, M. (2003), páx. 19 e seguintes.

Por outra parte, o indicador de intensidade dos encadeamentos cara a diante dunha rama de actividade calquera  $i$ , índice de sensibilidade de dispersión ( $U_i^S$ ), defínese así:

$$U_i^S = \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R} \left( \frac{1}{n} \right) \sum_i \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}$$

onde  $\beta_{ij}^R$  representa o elemento correspondente á fila  $i$ , columna  $j$  da matriz inversa de Ghosh rexional ( $G^R$ ).

Cando unha rama presenta un valor destes índices por riba da unidade, estará indicando que a rama en cuestión ten un encadeamento superior ao da media e que será tanto maior canto maior sexa o valor do índice.

En función do valor que tomen estes índices, podemos identificar os sectores claves da economía galega:


- Sectores clave: son os sectores que presentan valores superiores á unidade para os dous índices. Estes sectores son importantes demandantes e oferentes dentro da economía galega.
- Sectores básicos: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de sensibilidade de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de poder de dispersión. Son sectores cunha orientación da produción cara á demanda intermedia e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara a diante, pero débiles cara atrás.
- Sectores motores: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de poder de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de sensibilidade de dispersión. É dicir, sectores orientados cara á demanda final e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara atrás, pero débiles cara a diante.
- Sectores independentes: son sectores con valores menores ca a unidade para os dous índices e que, polo tanto, están pouco relacionados co resto dos sectores da economía galega.

**Táboa 15. Clasificación das ramas que integran o sector téxtil**

		Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R13	Industria téxtil	0,5850	0,3931	Independente
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,7653	1,2143	Motor

Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

Seguindo esta clasificación, a confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado identifícase como sector motor na economía galega. É dicir, está moi orientado cara á demanda final e, polo tanto, ten fortes encadeamentos cara atrás, pero débiles cara a diante. A industria téxtil é un sector independente, é dicir, pouco integrado co resto dos sectores da economía galega.

**Gráfico 18. Clasificación das ramas homoxéneas da industria manufacturera**


NOTA: este gráfico está realizado en escala logarítmica para facilitar a súa visualización. Na táboa 17 do anexo incluímos a correspondencia entre códigos e ramas homoxéneas.

Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2013

## 6 O comercio exterior de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado

Segundo o Marco input-output de 2013, as exportacións de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado representaban o 7,1 % das exportacións galegas con destino a outros países. Porén, os datos da *Axencia Estatal de Administración Tributaria* (AEAT) para ese mesmo ano elevaban a cota ao 22,8 %.

Para explicar esta aparente discordancia de cifras, temos que explicar as diferenzas metodolóxicas entre ambas as fontes. Nas estatísticas do Sistema de contas económicas do IGE rexe o principio de que “en ningún caso se rexistran exportacións de produtos importados. Dito doutro modo, toda exportación galega ten orixe en produción interior”.<sup>24</sup> Pola contra, os datos da AEAT constitúen un aproveitamento estatístico do sistema Intrastat (no que atinxe os intercambios de bens entre Estados membros da UE) e do documento único aduaneiro (para os terceiros países). Ambos os sistemas rexistran intercambios comerciais sempre que haxa un cambio de propiedade destes, pero non esixe que os bens exportados teñan unha orixe (industrial) na nosa comunidade nin que os bens importados teñan un destino interior (consumo ou demanda intermedia) e son habituais os fluxos nos que un produto se importa para ser reexportado sen transformación industrial en Galicia.

A imaxe do sector que damos en capítulos anteriores, caracterizada por unha forte presenza do subsector comercial que é o causante deste intenso movemento internacional de mercadorías, explica que as cifras de comercio exterior da AEAT sexan moi elevadas en Galicia. Porén, debido ás diferenzas metodolóxicas sinaladas, estas cifras son moi superiores ás que aparecen nas estatísticas do Sistema de contas económicas do IGE.


No gráfico representamos a produción das ramas de actividade que constitúen o subsector industrial tal e como o definimos no capítulo 1 e as exportacións rexistradas polas aduanas galegas. As exportacións seguen unha tendencia claramente ascendente en todo o período mentres a produción interior, tras un incremento nos anos 2003 a 2008, cae dende 2008 a 2011 para logo estabilizarse ata 2015. É dicir, a evolución do comercio exterior non garda

---

<sup>24</sup> Véxase o IGE. *Marco Input-Output de Galicia 2011. Metodoloxía*, páxina 16 [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_MIOGAL\\_2011\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_MIOGAL_2011_gl.pdf) Nesta metodoloxía pode consultarse as principais diferenzas entre os criterios adoptados nas estatísticas do Sistema de contas e os criterios recollidos pola AEAT.

concordancia coa evolución da actividade industrial e ten máis que ver coa senda de crecemento do subsector comercial.

*Gráfico 19. Producción interior do subsector industrial e exportacións rexistradas pola AEAT nas aduanas galegas. Millóns de euros*



Fonte: IGE. *Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países* [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria]; IGE. *Contas económicas anuais*.

## 6.1 Trazos xerais do comercio exterior segundo a AEAT


O comercio exterior de produtos téxtiles, roupa de vestir, coiro, artigos de coiro, calzado ten un saldo positivo en todos os anos da serie 2003-2015. As exportacións superaban as importacións en 88 millóns de euros en 2003 e este superávit alcanza os 2983 millóns en 2015. Á vista da evolución da produción interior expresada no **Gráfico 19**, as razóns deste superávit témolas que buscar nuns intercambios exteriores marcados pola exportación de produtos de maior valor engadido ca os importados.

Por produtos, o superávit concéntrase nas roupa de vestir, responsable non só do elevado superávit comercial de 2015 senón tamén dunha evolución crecente deste saldo positivo. Nos

produtos téxtiles o saldo é negativo, aínda que se reduciu en valores absolutos con respecto a 2003. Nos produtos do coiro e do calzado existe superávit comercial.

Por áreas, o superávit concéntrase nos países da UE-28, que acumula un 82% do saldo positivo total. Cos “terceiros países” o saldo tamén é positivo e en ambos os casos é notable o crecemento deste saldo desde 2003.

Gráfico 20. Importacións, exportacións e saldo exterior de produtos téxtiles, roupa de vestir, artigos de coiro e calzado. Datos en miles de euros.



Fonte: IGE. Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria]



## 6.2 Importacións

O principal provedor é Portugal, país do que provén o 27 % do total importado por Galicia no ano 2015. Turquía e A China son outras orixes destacadas de produtos importados. A súa presenza con respecto ao ano 2003 incrementouse en ambos os casos.

Dentro dos principais provedores, aparece Italia, que achega un 10,2% das importacións destes produtos, porén, o seu peso relativo dentro das compras galegas descendeu en case 4 puntos porcentuais con respecto a 2003. Marrocos é o quinto país por orixe das compras con 139 millóns de euros en 2015. Estes cinco países supoñen o 75 % das importacións galegas deste conxunto de produtos.

Táboa 16. Principais países aos que importa Galicia no ano 2015 e dato de referencia en 2003

	2003			2015		
	Miles euros	% s/ total	% acumulado s/ total	Miles euros	% s/ total	% acumulado s/ total
Portugal	341.204	28,8%	28,8%	549.225	27,0%	27,0%
Turquía	125.817	10,6%	39,4%	369.681	18,2%	45,2%
China	136.151	11,5%	50,9%	259.780	12,8%	58,0%
Italia	167.662	14,1%	65,0%	207.065	10,2%	68,1%
Marrocos	85.710	7,2%	72,2%	138.966	6,8%	75,0%
Paquistán	9.480	0,8%	73,0%	71.027	3,5%	78,5%
Bangladesh	48.855	4,1%	77,2%	66.838	3,3%	81,7%
Vietnam	21.425	1,8%	79,0%	59.683	2,9%	84,7%
Romanía	9.727	0,8%	79,8%	40.789	2,0%	86,7%
Egipto	901	0,1%	79,9%	28.905	1,4%	88,1%
India	45.546	3,8%	83,7%	28.599	1,4%	89,5%
Francia	19.445	1,6%	85,3%	26.621	1,3%	90,8%
Tailandia	16.728	1,4%	86,8%	2.295	0,1%	90,9%
Perú	6.479	0,5%	87,3%	970	0,0%	91,0%
<b>Totais</b>	<b>1.185.673</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>2.033.880</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: IGE. Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria].

Cómpre salientar o incremento das importacións procedentes de Paquistán, Bangladesh, Vietnam, Romanía ou Egipto. Neste cinco países concéntrase máis do 13 % das importacións galegas.

A composición destas importacións difire notablemente por país de orixe. Para o total, no ano 2015, o 70 % das importacións correspondía a roupa de vestir, un 24 % aos produtos téxtiles e un 6 % aos artigos de coiro e calzado. Con respecto aos principais países provedores, podemos facer tres grupos en función de cal é o principal produto subministrado a Galicia:

- Produtos téxtiles: Italia e Francia estarían especializados relativamente nas vendas de produtos téxtiles.
- Roupa de vestir: En Portugal, Turquía, A China, máis do 70 % do subministrado a Galicia é roupa de vestir. Porén, temos que destacar provedores como Marrocos, Paquistán, Bangladesh ou Exipto nos que as nosas compras son nunha porcentaxe superior ao 90 % de roupa de vestir.
- Coiro, artigos de coiro, calzado: neste tipo de produtos destacan as importacións chinesas, as que proveñen do Vietnam e as da India. Nos tres casos, no que respecta ao comercio con Galicia destes produtos, estes países están especializados en termos relativos nestes produtos.

Táboa 17. Distribución das importacións por tipo de produto. Ano 2015. Datos en porcentaxes sobre o total importado a cada país e ano

2015				
	P13. Produtos téxtiles	P14. Prendas de vestir	P15. Coiro, artigos de coiro; calzado	Total
Portugal	22%	76%	2%	100%
Turquía	17%	83%	0%	100%
China	12%	71%	17%	100%
Italia	81%	14%	5%	100%
Marrocos	3%	97%	0%	100%
Paquistán	6%	94%	0%	100%
Bangladesh	2%	98%	0%	100%
Vietnam	1%	71%	29%	100%
Romanía	20%	80%	0%	100%
Exipto	7%	93%	0%	100%
India	24%	63%	13%	100%
Francia	64%	30%	6%	100%
Tailandia	45%	53%	2%	100%
Perú	1%	99%	0%	100%
<b>Totais</b>	<b>24%</b>	<b>70%</b>	<b>6%</b>	<b>100%</b>

Fonte: IGE. Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria]

### 6.3 Exportacións

O principal cliente é Francia, país ao que Galicia exporta produtos téxtiles, roupa, artigos de coiro e calzado por valor de 687 millóns de euros. Esta cifra representa un 13,7 % do total exportado por Galicia deste grupo de produtos. Con respecto a 2003, as exportacións a Francia, coma na maioría dos países, incrementáronse notablemente (eran 185 millóns de

2003) e o país galo mantén a cota de mercado (en 2003 representaba un 13,9% das exportacións).

O segundo destino das vendas galegas é Italia, país ao que exportamos en 2015 case 570 millóns de euros, o que supón un 11,4 % das exportacións destes produtos. En 2003 Italia non estaba entre os principais clientes do téxtil e confección galego, e só achegaba o 2,3 % das exportacións galegas deste sector.

Portugal representa o 10,4 % das exportacións galegas e, con 520 millóns de euros, é o terceiro destino das exportacións. Neste sentido, e malia que as exportacións ao país veciño se incrementaron, cómpre destacar que Portugal era o principal destino das exportacións en 2003, ano no que representaba o 25 % das exportacións galegas, mentres en 2015 ocupa a terceira posición.

Táboa 18. Principais países aos que exporta Galicia no ano 2015 e dato de referencia en 2003

	2003			2015		
	Miles euros	% s/ total	% acumulado s/ total	Miles euros	% s/ total	% acumulado s/ total
Francia	184.623	13,9%	13,9%	686.991	13,7%	13,7%
Italia	30.154	2,3%	16,2%	569.658	11,4%	25,1%
Portugal	333.077	25,1%	41,4%	520.445	10,4%	35,4%
Reino Unido	76.421	5,8%	47,1%	471.402	9,4%	44,8%
Alemaña	66.943	5,1%	52,2%	378.264	7,5%	52,4%
Polonia	9.361	0,7%	52,9%	287.738	5,7%	58,1%
Marrocos	33.864	2,6%	55,4%	273.552	5,5%	63,6%
Grecia	107.689	8,1%	63,6%	202.156	4,0%	67,6%
Países Baixos	13.260	1,0%	64,6%	153.174	3,1%	70,6%
Bélxica	61.583	4,6%	69,2%	142.144	2,8%	73,5%
Romanía	2.756	0,2%	69,4%	114.688	2,3%	75,8%
México	88.127	6,7%	76,1%	81.863	1,6%	77,4%
Austria	12.282	0,9%	77,0%	77.629	1,5%	78,9%
China	199	0,0%	77,0%	74.223	1,5%	80,4%
<b>Totais</b>	<b>1.324.580</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>5.016.483</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: IGE. Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria]

Na lista de principais destinos aparecen en 2015 Marrocos ou A China, que tamén apareceron reflectidos na lista dos principais provedores. Se analizamos a **Táboa 19** vemos como no caso de Marrocos esta exportación é fundamentalmente de produtos téxtiles, o que pode constituír unha saída de materias primas para unha transformación naquel país, para logo volver ser importado por Galicia e posteriormente exportado. Este sería un caso no que existe un intercambio comercial polas aduanas galegas sen procesos industriais interiores, nos que as

mercadorías cambian de propiedade, o valor engadido industrial prodúcese fóra de Galicia, e na economía galega quedaría a marxe comercial da operativa internacional.

Se analizamos a composición das exportacións por país de destino, vemos que o 83 % das exportacións galegas deste tipo de produtos son de roupa de vestir, o 10 % é Coiro, artigos de coiro, calzado e só o 8 % produtos téxtiles.

*Táboa 19. Distribución das exportacións por tipo de produto. Ano 2015. Datos en porcentaxes sobre o total exportado a cada país e ano*

2015				
	P13. Produtos téxtiles	P14. Prendas de vestir	P15. Coiro, artigos de coiro; calzado	Total
Francia	2%	88%	10%	100%
Italia	3%	88%	9%	100%
Portugal	15%	72%	12%	100%
Reino Unido	1%	85%	13%	100%
Alemaña	2%	87%	10%	100%
Polonia	1%	85%	14%	100%
Marrocos	77%	23%	0%	100%
Grecia	3%	88%	10%	100%
Países Baixos	1%	90%	9%	100%
Bélxica	2%	89%	9%	100%
Romanía	6%	77%	17%	100%
México	1%	89%	10%	100%
Austria	1%	91%	8%	100%
China	0%	97%	3%	100%
<b>Totais</b>	<b>8%</b>	<b>83%</b>	<b>10%</b>	<b>100%</b>

Fonte: IGE. *Comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE 2009, áreas e países* [A partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria]

Como fixemos no caso das importacións, podemos agrupar en tres bloques os países en función da súa relativa especialización como receptores de mercadorías procedentes de Galicia:

- **Produtos téxtiles:** o 15 % das exportacións deste sector a Portugal é de produtos téxtiles. No caso de Marrocos esta porcentaxe é do 77 %. En ambos os casos poden ser materias primas para a súa posterior transformación.
- **Roupa de vestir:** en xeral teriamos aquí países da Unión Europea nos que estes produtos van destinados ao consumo final. Francia, Italia, Alemaña, Países Baixos ou Austria teñen porcentaxes próximas ao 90 %. No caso da China un 97 % das súas compras a Galicia deste grupo de produtos é de roupa de vestir.

- Coiro, artigos de coiro, calzado: neste tipo de produtos destacan as exportacións a Romanía, Polonia ou Reino Unido.

## 7 Conclusións

O sector téxtil, confección e calzado ten unha relevancia crecente na economía galega: achega o 6,1 % do PIB de Galicia en 2015 e na súa composición destacan as actividades comerciais, que tiveron un crecemento moi forte nos últimos anos: o 85 % do VEB do sector provén da parte comercial.

A evolución do sector amósanos unha transformación nel cara ás actividades comerciais, en detrimento da parte industrial que vai perdendo peso ao longo dos anos que analizamos neste documento.

Unha das características do sector é a elevada produtividade do factor traballo. Esta produtividade é maior no subsector comercial no que se produciu un importante crecemento; porén, tamén no subsector industrial se incrementou, conseguindo reducir o diferencial que tiña con respecto ao total da economía.

A evolución da produtividade non se viu acompañada dun crecemento da remuneración do traballo da mesma magnitude. Como resultado, a cota do excedente de explotación no valor engadido xerado incrementouse de xeito considerable, especialmente nos últimos anos de estudo.

Dentro do subsector industrial destaca a Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado que achega un 14 % do VEB total xerado no sector. Nesta rama de actividade a perda de postos de traballo dende 2003 é notorio, pero o valor engadido non se reduciu: como resultado os niveis de produtividade incrementáronse.

Galicia achega 9,4 de cada 100 unidades de valor engadido xerado pola industria téxtil, confección e calzado española. Dende 2000 a cota galega na industria estatal incrementase: pasa do 5,4 % a este 9,4 %. Este incremento susténtase nunha maior produtividade do traballo, non obstante, o diferencial existente en termos de produtividade non se produce en

termos de remuneración do traballo. Como resultado, de novo, temos unha achega das rendas do capital no valor engadido superior en Galicia ca en España.

Nas comarcas de Bergantiños, Ordes e Ourense o subsector industrial representa máis do 2 % do PIB. Ademais, existen cinco concellos nos que cando menos o 30 % dos afiliados do sector industrial pertence ao subsector téxtil, confección e calzado: Arzúa, Moraña, Ordes, Cabana de Bergantiños e Arteixo.

O subsector industrial foi perdendo peso no PIB das economías da nosa contorna. Tanto no conxunto da UE coma en España a achega deste subsector é do 0,5 %. Portugal, país no que representa o 2,2 %, é o país da Unión no que esta industria ten unha maior presenza no PIB. En Galicia, cunha achega do 0,9 %, a evolución do sector é singular: consegue manter unha porcentaxe sobre o PIB elevada, fundamentalmente grazas a incrementos de produtividade que compensaron as perdas de emprego, moi importantes no período. A produtividade do traballo neste subsector é moi superior en Galicia con respecto á media europea.

A industria da confección en Galicia caracterízase por importar unha parte moi importante dos produtos téxtiles que consume e por estar orientada cara á demanda final, isto é, non se caracteriza por subministrar inputs a outras ramas de actividade da economía. Isto fai que esta rama de actividade teña uns baixos encadeamentos co resto de ramas produtivas, o que limita a súa capacidade de arrastre. Isto tamén é o motivo de que non se identifique un complexo produtivo forte en Galicia no que respecta ao subsector industrial.

Sempre que falamos de sector téxtil, confección e calzado, falamos de comercio exterior. Nos últimos anos este comercio exterior non está relacionado cun desenvolvemento do subsector industrial do téxtil, confección e calzado; senón nun crecente intercambio internacional de mercadorías, na meirande parte de produtos non fabricados nin transformados en Galicia, que xera valor engadido no subsector comercial a través das marxes comerciais que obtén. Os saldos comerciais nestes produtos son moi positivos en global e manteñen unha importante senda crecente dende o ano 2003.

## ANEXO

Táboa 20. Clasificación das ramas homoxéneas da economía galega

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1,2074	1,2560	Clave
R10B	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	1,3307	1,9101	Clave
R19	Coquerías e refino de petróleo	1,3022	1,0868	Clave
R24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1,0454	1,7940	Clave
R29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	3,0550	4,0964	Clave
R35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2,2846	2,4959	Clave
R41_43	Construción	3,5126	4,4517	Clave
R46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	2,0435	2,2660	Clave
R47	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,5915	2,3963	Clave
R49	Transporte terrestre e por tubaxe	1,3401	1,0000	Clave
R56	Servizos de comidas e bebidas	2,3742	3,4901	Clave
R68	Actividades inmobiliarias	2,5175	2,8161	Clave
R69_70	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial	1,2004	1,1823	Clave
R84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1,7655	2,4819	Clave
R86_88NM	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	1,4021	2,1540	Clave
R10A	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	0,8806	1,4405	Motor
R10C	Fabricación de produtos lácteos	0,6502	1,5908	Motor
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,7653	1,2143	Motor
R36_39M	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	0,5730	1,0260	Motor
R37_38NM	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado	0,0857	1,2365	Motor
R85NM	Educación de non mercado	0,9938	1,3324	Motor
R86_88M	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	0,9509	1,3271	Motor
R03B	Acuicultura	1,0184	0,6568	Básico
R05_09	Industrias extractivas	1,5230	0,5120	Básico
R10D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	1,1045	0,6022	Básico
R11_12	Fabricación de bebidas e industria do tabaco	1,3185	0,6257	Básico
R22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,2085	0,5454	Básico
R23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,4555	0,7887	Básico
R25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,5082	0,8176	Básico
R33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,2475	0,5981	Básico
R52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1,3256	0,9032	Básico
R53	Actividades postais e de correo	1,2394	0,2790	Básico
R64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,5997	0,3851	Básico
R71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica	1,0853	0,6487	Básico
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,1646	0,3080	Básico
R74_75	Outras actividades profesionais, científicas,	1,2042	0,2821	Básico

técnicas e veterinarias				
Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R78	Actividades relacionadas co emprego	1,3682	0,0576	Básico
R80_82	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	1,4348	0,2696	Básico
R02	Silvicultura e explotación forestal	0,4755	0,5717	Independente
R03A	Pesca	0,9704	0,4758	Independente
R10E	Outras industrias alimentarias	0,5824	0,6998	Independente
R13	Industria téxtil	0,5850	0,3931	Independente
R16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,7565	0,8790	Independente
R17	Industria do papel	0,4234	0,5765	Independente
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,6623	0,3195	Independente
R20_21	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	0,4263	0,8078	Independente
R26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,3453	0,3461	Independente
R27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,5639	0,6360	Independente
R28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,4793	0,7343	Independente
R30	Fabricación doutro material de transporte	0,2484	0,7620	Independente
R31	Fabricación de mobles	0,4322	0,8165	Independente
R32	Outras industrias manufactureiras	0,1780	0,4649	Independente
R45	Venda e reparación de vehículos de motor	0,7346	0,9032	Independente
R50_51	Transporte marítimo e por vías navegables interiores; transporte aéreo	0,4984	0,4258	Independente
R55	Servizos de aloxamento	0,4261	0,7881	Independente
R58	Edición	0,7448	0,3249	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas de video e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,2257	0,4130	Independente
R61	Telecomunicacións	0,9497	0,7605	Independente
R62_63	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	0,4098	0,3590	Independente
R65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria	0,8958	0,4833	Independente
R66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	0,8318	0,4647	Independente
R72	Investigación e desenvolvemento	0,1394	0,3111	Independente
R77	Actividades de alugueiro	0,9142	0,5605	Independente
R79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	0,4757	0,3514	Independente
R85M	Educación de mercado	0,6557	0,5378	Independente
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,5248	0,9597	Independente
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,1787	0,6544	Independente
R94	Actividades asociativas	0,5479	0,3920	Independente
R95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0,4440	0,3962	Independente
R96	Outros servizos persoais	0,3865	0,8386	Independente
R97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	0,2096	0,2678	Independente



## ÍNDICE DE TÁBOAS, GRÁFICOS E MAPAS

### TÁBOAS

Táboa 1. O Sector téxtil, confección e calzado. Ramas e actividades incluídas.....	6
Táboa 2. Valor engadido bruto e emprego. Sector téxtil, confección e calzado. Ano 2015 .....	8
Táboa 3. Indicadores derivados. Total economía e sector téxtil, confección e calzado (e subsectores).....	13
Táboa 4. Rama da “Industria téxtil (R13)”. Peso na economía, no sector e principais ratios.....	20
Táboa 5. Rama de “Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado (R14_15)”. Peso na economía, no sector e principais ratios .....	22
Táboa 6. Sector téxtil, confección e calzado: o seu subsector comercial no contexto do comercio galego	23
Táboa 7. O subsector industrial téxtil, confección e do calzado. Galicia no contexto estatal .....	28
Táboa 8. Indicadores derivados. Industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e calzado. Galicia e países da UE-28 .....	37
Táboa 9. Produtos téxtiles: oferta e demanda. Ano 2013 .....	42
Táboa 10. Roupa de vestir: oferta e demanda. Ano 2013 .....	43
Táboa 11. Coiro, artigos de coiro; calzado. Ano 2013 .....	44
Táboa 12. Coeficientes de ligazón de Streit con importacións .....	47
Táboa 13. Encadeamentos directos e totais.....	49
Táboa 14. Descomposición dos coeficientes de traballo totais .....	51
Táboa 15. Clasificación das ramas que integran o sector téxtil .....	53
Táboa 16. Principais países aos que importa Galicia no ano 2015 e dato de referencia en 2003.....	57
Táboa 17. Distribución das importacións por tipo de produto. Ano 2015. Datos en porcentaxes sobre o total importado a cada país e ano .....	58
Táboa 18. Principais países aos que exporta Galicia no ano 2015 e dato de referencia en 2003 .....	59
Táboa 19. Distribución das exportacións por tipo de produto. Ano 2015. Datos en porcentaxes sobre o total exportado a cada país e ano .....	60
Táboa 20. Clasificación das ramas homoxéneas da economía galega.....	63

### GRÁFICOS

Gráfico 1. Peso no PIB de Galicia. Seccións da CNAE. Ano 2015. Datos en porcentaxes .....	9
Gráfico 2. Peso no PIB dos sectores analizados na Actividade de interese estatístico: análise de sectores produtivos. Ano 2015 .....	10
Gráfico 3. Evolución de VEB e emprego no sector téxtil, confección e calzado e na economía galega. 2003-2015. Números índices. Ano 2003 = 100 .....	11
Gráfico 4. Evolución do VEB no sector téxtil, confección e calzado e nos seus subsectores. 2000-2015. Números índices. Ano 2003 = 100 .....	12
Gráfico 5. Distribución do VEB e emprego por subsectores. Serie 2003-2015.....	12
Gráfico 6. Diferencial de produtividade: sector e subsectores con respecto ao total da economía. Serie 2005-2015 .....	15
Gráfico 7. Participación das rendas salariais no valor engadido xerado (remuneración dos asalariados/VEB) .....	17
Gráfico 8. Remuneración por posto de traballo asalariado. Datos en euros/ano .....	18
Gráfico 9. Empresas con actividade en Galicia e actividade principal “13 Industria téxtil”.....	19
Gráfico 10. Empresas con actividade en Galicia e actividade principal “14 Confección de roupa de vestir” ou “15 Industria do coiro e do calzado” .....	21

Gráfico 11. Distribución do valor engadido bruto no sector (a). Produtividade do traballo e participación das rendas salariais na creación de valor, ano 2015 (b) .....	25
Gráfico 12. Peso de Galicia no ámbito estatal: industria téxtil, confección e do calzado; industria manufactureira e PIB.....	27
Gráfico 13. Evolución da produtividade (VEB/horas traballadas) e remuneración de asalariados por hora. Subsector industrial. Ano 2000 = 100 .....	29
Gráfico 14. Evolución da achega da industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado ao PIB. Serie 2000-2015. Galicia, España e UE-28.....	35
Gráfico 15. Achega da industria téxtil, confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado. Ano 2015. Porcentaxes sobre o PIB .....	36
Gráfico 16. Crecemento da remuneración e produtividade. Taxas de crecemento anuais acumulativas medias: 2000-2015 .....	40
Gráfico 17. Complexo produtivo do téxtil con importacións .....	47
Gráfico 18. Clasificación das ramas homoxéneas da industria manufactureira .....	53
Gráfico 19. Produción interior do subsector industrial e exportacións rexistradas pola AEAT nas aduanas galegas. Millóns de euros .....	55
Gráfico 20. Importacións, exportacións e saldo exterior de produtos téxtiles, roupa de vestir, artigos de coiro e calzado. Datos en miles de euros.....	56

## MAPAS

Mapa 1. Distribución da produción da industria téxtil, confección e do calzado. Anos 2000 e 2015. Porcentaxes sobre o total estatal .....	30
Mapa 2. Distribución do VEB da industria téxtil, confección e do calzado por comarcas. Ano 2014 .....	31
Mapa 3. Achega da industria téxtil, confección e calzado ao PIB comarcal.....	32
Mapa 4. Peso das afiliacións na industria téxtil, confección e do calzado sobre o total das afiliacións na industria manufactureira. Ano 2014 .....	34

## BIBLIOGRAFÍA E FONTES ESTADÍSTICAS

EUROSTAT: *National accounts detailed breakdowns. National accounts ESA 2010*

EUROSTAT (2013): *Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales de la Unión Europea. SEC 2010*. Reglamento UE N°549/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo

EUROSTAT (2008): *Eurostat Manual of Supply, Use and Input-Output Tables*. European Commission.

FERNÁNDEZ, M.; FERNÁNDEZ-GRELA, M. (2003): *La estructura productiva de la economía gallega*. CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera. Fundación CaixaGalicia.

IGE. *Contas económicas anuais. Base 2010*.

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001)

IGE. *Marco input-output de Galicia 2011*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003)

IGE. *Actualización do Marco input-output de Galicia: ano 2013*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003)

IGE. *Produto interior bruto municipal. Base 2010*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007)

IGE. *Directorio de empresas e unidades locais*.

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006001](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006001)

IGE. *Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204025](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204025)

IGE (2013): *Análise da cadea forestal-madeira*. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda.

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea\\_Forestal.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea_Forestal.pdf)

IGE (2014): *Análise do sector da automoción*. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda.

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Sector\\_automocion.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Sector_automocion.pdf)

IGE (2015): *Análise do sector da pesca*. Xunta de Galicia. Consellería de Facenda.

<http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AnaliseSectorPesca.pdf>

IGE (2016): *Análise do sector cultural*.

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise\\_Sector\\_Cultural.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf)

IGE (2017): *Análise do sector do transporte e da loxística*.

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE\\_Analise\\_Transporte\\_Loxistica.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AIE_Analise_Transporte_Loxistica.pdf)